

PROGRAMACIÓN
XERAL
ANUAL

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN



Introdución

0.	Datos do centro	4
	0.1- Horario	
	0.2- Calendario escolar	
1.	Obxectivos xerais e Recursos	6
	1.1- Obxectivos	
	1.2- Concreción Anual do Proxecto de Dirección	
	1.3- Recursos	
2.	Concreción Curricular do PEC	11
3.	Plan de Coordinación dos Órganos de Goberno	12
	3.1- Órganos de Goberno Unipersoais	
	3.2- Órganos de Goberno Colexiados	
4.	Plan de Actuación dos Equipos de Coordinación Docente	14
	4.1- Plan de Acción Titorial	
	4.2- Obxectivos de Ciclo	
	A. Educación Infantil	
	B. 1º Ciclo EP	
	C. 2º Ciclo EP	
	D. 3º Ciclo EP	
	E. Aula Específica de E.E	
	4.3- CCP	
	4.4- Plan Xeral de Avaliación	
5.	Dinamización Xeral do Centro	36
	5.1- EDLG	
	5.2- EACE	
	5.3- Plan de Biblioteca	

5.4-	Comisión TIC	
5.5-	Horto Escolar	
5.6-	Teatro Escolar	
6.	Plan Anual de Lectura	69
7.	Departamento de Orientación	69
8.	Composición e unidades	79
9.	Espazos e Usos dos mesmos	80
10.	ANPA	83
10.1-	Comedor	
10.2-	Actividades Extraescolares	
10.3-	Escola de nais e pais	
10.4-	Campamentos	
10.5-	Festas	
10.6-	Bancos Solidarios	
10.7-	Redes Sociais	
10.8-	Convocatoria de elección da nova directiva	
11.	Transporte Escolar	94
12.	Convenio de colaboración	94
13.	Programa de Formación Permanente do Profesorado	94
14.	Participación do profesorado en proxectos	94
15.	Plan de autoprotección escolar	95

0.- Datos do Centro

Nome: CEIP Emilia Pardo Bazán

Código de Centro: 15021627 CIF: Q-6555194-G

Dirección: Travesía de Los Rosales, 8 15011 A Coruña

Páx. web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/>

Telefónos: 981 27 67 81 (principal) / 981 25 85 28 (aulario infantil) / 698 139 871(Móbil)

Correo Electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

0.1.- Horario

Horario	Actividade
9:00-09:50	Entrada e 1ª sesión
9:50-10:40	2ª sesión
10:40-11:30	3ª Sesión
11:30-12:00	Recreo
12:00-12:20	Plan de lectura
12:20-13:10	4ª Sesión
13:10-14:00	5ª Sesión e Saída

Horario de Tarde (Luns)	Actividade
16:00-17:00	Atención ás familias
17:00-19:00	Reunións do profesorado

Os horarios do profesorado e cursos foron enviados no DOC do centro correspondente á Inspección

0.2.- Calendario Escolar

O calendario escolar é o seguinte:

Setembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Outubro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	5	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Novembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Decembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Xaneiro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Febreiro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

Marzo 2024						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Abril 2024						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Maio 2024						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Xuño 2024						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

- **Días non lectivos.**
- **Días feriados.**
- **Inicio do curso 2023/2024.**
- **Día de remate do curso 2023/2024.**
- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-080523-0002_es.pdf

1.- Obxectivos Xerais e Recursos

1.1.- Obxectivos

◦ **Xerais**

Un curso máis puxémonos o reto de manter todos os proxectos iniciados en cursos anteriores e incrementalos, de xeito que o noso alumnado acadе niveis competenciais noutros campos da aprendizaxe e a experimentación.

Continuaremos afondando no eido da educación responsable a través dun mellor coñecemento e aplicación das potencialidades da intelixencia emocional. Isto deberá conlevar melloras en todos os aspectos da vida cotiá pero especialmente na mellora da convivencia.

O novo catálogo de centros reflicte a supresión doutra aula de E. Infantil aínda que queda habilitada para este curso.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

◦ **Específicos alumnado**

- Continuar coidando os hábitos de saúde e consumo responsable. Desenvolver a súa responsabilidade no que se refire ao coidado, limpeza e mantemento de todos os espazos e materiais relacionados co centro e con eles mesmos.
- Espertar valores e actitudes positivas e potenciar o equilibrio, autonomía persoal e o sentido da súa responsabilidade.
- Axudar na integración de alumnado de nova incorporación.
- Potenciar o desenvolvemento das Competencias Básicas.
- Reforzar o hábito da lectura para a mellora da comprensión e expresión oral e escrita.
- Reforzar o cálculo matemático e a resolución de problemas cotiáns nese campo.
- Incrementar a experimentación mediante o laboratorio Bibliolab (área de descubrimento, na cal os alumnos aprenden sobre diferentes temas como: Programación, Robótica, Circuitos, Mecánica, Comunicación dixital e Deseño gráfico).

◦ **Específicos familias**

- Facilitar asesoramento ás familias que así o requiran sobre temas educativos do seu interese.
- Seguir informando puntualmente de calquera incidencia que implique aos seus fillos ou fillas.
- Potenciar a súa colaboración nas actividades do centro.
- Implicarlas nos procesos de ensino-aprendizaxe como parte activa.
- Achegalas ao centro escolar para que aporten de forma experiencial as súas peculiaridades e especializacións, mediante acompañamentos aos seus fillos nas sesións das tardes na biblioteca escolar e/ou na BiblioLab.
- Inicialas no seguimento das actividades do centro a través da web e redes sociais: twitter e instagram

◦ **Específicos profesorado**

- Actuar de xeito que o noso alumnado nos considere como exemplo e referencia persoal.
- Enfatizar a importancia do traballo coordinado en equipo.
- Implementar estratexias positivas para o éxito na función titorial.
- Continuar ampliando o noso coñecemento nas Tics para poder implementalas no noso traballo diario.
- Revisar e elaborar un novo Proxecto Educativo de Centro.

◦ **Específicos centro**

- Colaboración coa ANPA Milnen@s, continuando coa Escola de Nais e Pais se é o caso.
- Colaboración coa AAVV de Los Rosales

- Colaboración cos axentes culturais do Concello da Coruña e da Xunta de Galicia.
- Participar na formación de alumnado da Facultade de Ciencias da Educación.
- Elaborar o Plan de Convivencia que formará parte do noso Proxecto Educativo de Centro. O Plan de convivencia establecerá as liñas xerais de convivencia no centro coa finalidade de proporcionar unha educación integral do alumnado e promover unha convivencia positiva en paz. Entre outros aspectos o Plan de convivencia recollerá o modo no que se abordará a educación do alumnado neste sentido, as vías de mellora das relacións no centro, a prevención da violencia escolar así como a resposta aos problemas de convivencia que poidan xurdir.
 - **Específicos Administración**
- Desenvolver todas aquelas accións que favorezan o desenvolvemento do centro cumprindo a lexislación vixente.
- Continuar coa petición da dotación de persoal acorde coas necesidades de cada curso escolar
- Reiterar a petición da realización de obras de mellora nas infraestruturas do centro tales coma o acondicionamento da pista polideportiva inferior, completar a reforma das fachadas do edificio de educación primaria incluíndo a reparación das cornisas ou mellorar as condicións de climatización do edificio de educación primaria mediante a renovación dos ventanais.

1.2.- Concreción Anual do Proxecto de Dirección

- . Actualizar e adecuar os documentos do Centro
- . Mellorar o funcionamento das reunións de coordinación docente
- . Fomentar e garantir unha educación para a igualdade
- . Potenciar o uso das TIC's e aplicar o Plan Dixital do Centro
- . Potenciar e apoiar a organización e desenvolvemento de actividades de innovación educativa
- . Facilitar a integración e participación do alumnado con NEAE en actividades do Centro

1.3.- Recursos

◦ **Humanos**

No artigo 122 da LOMLOE recóllese:

«Artigo 122. Recursos.

- Os centros estarán dotados dos recursos educativos, humanos e materiais necesarios para ofrecer un ensino de calidade e garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación.
- As administracións educativas poderán asignar maiores dotacións de recursos a determinados centros públicos ou privados concertados, en razón dos proxectos que así o requiran ou en atención ás condicións de especial necesidade da poboación que escolarizan. A dita asignación quedará condicionada á rendición de contas e xustificación da adecuada utilización dos ditos recursos».

Este curso contamos con especialistas en todas as materias a tempo completo referidos ao catálogo de postos de traballo do centro (Orde de 26 de xullo de 2022). Se ben a 2ª mestra de Relixión Católica e de Relixión Evanxélica teñen carácter de compartidas permanecendo unicamente no centro tres e un día respectivamente.

Contamos con 3 mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica (2 dentro catálogo e 1 na aula específica) e 2 e 1/2 de Audición e Linguaxe (1 con destino provisional), se ven as NEE incrementáronse, o profesorado para atender a este alumnado, non. Logo da redución de horarios de coidador por orde da Xefatura de Inspección Educativa quedámonos con 4 coidadores, para atender as necesidades de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE).

◦ **Dotación de material**

O centro conta con algunhas infraestruturas antigas que requirirán melloras día a día. Outras obras deberán dirixirse ao acondicionamento das instalacións polideportivas inferiores situadas ao carón do paseo marítimo, que por mor das obras de construción do aulario infantil e do deterioro causado polo desgaste natural do terreo sufriron importantes desperfectos. O curso pasado caeron algúns cascotes da

cornisa do edificio de primaria e, aínda que se avisaron as administracións competentes, continúan sen arranxar. Seguiremos insistindo nestes temas ante as administracións educativas.

Tamén na necesidade de reforma dos baños do 2º e 3º andar do edificio de educación primaria e o interior do antigo edificio de educación infantil para acondicionalo para o desenvolvemento das actividades extraescolares o mesmo que os ventanais.

En canto ao mobiliario das aulas e outras dependencias, haberá que continuar coa renovación progresiva observando as necesidades específicas e os gastos que se vaian facendo.

2.- Concreción Curricular do PEC

Dentro das modificacións anuais ao texto do Proxecto Educativo están:

- Modificacións no profesorado e, polo tanto, no Claustro.
- Posta en marcha de novas actividades extraescolares da ANPA.
- Axustes na orientación educativa, criterios de prioridade e maior cobertura co novo persoal.
- Axustes nos diferentes equipos docentes
- Actualizar o PEC (Proxecto Educativo de Centro)
- O horario de atención ás familias manterase coma en cursos anteriores, é dicir, os luns de 16:00 a 17:00 h.
- Teñen solicitado o uso das instalacións escolares a Asociación de Nais e Pais do Colexio para actividades extraescolares, madrugadores e comedor.

3.- Plan de Coordinación dos Órganos de Goberno

3.1.- Órganos de Goberno Unipersoais

- **Equipo Directivo**
 - **Directora:** M^a Aurora Candal Miranda
 - **Xefa de Estudos:** Manuela Labandeira Vázquez
 - **Secretaria:** Cristina Arenas Hernán

3.2.- Órganos de Goberno Colexiados

- **Claustro**

O Claustro reunirse con periodicidade trimestral ou en aquelas ocasións en que haxa que resolver algún asunto que precise a súa valoración e/ou aprobación tal e como indica o artigo 129 da LOMLOE.

O claustro poderase convocar nas condicións que dita a norma, e o xeito habitual da convocatoria será por medio de correo electrónico

- **Consello Escolar**

O Consello Escolar reunirse, como mínimo, unha vez por trimestre para todas aquelas cuestións reflectidas no artigo 127 da LOMLOE.

O Consello Escolar poderase convocar nas condicións que dita a norma, e o xeito habitual da convocatoria será por medio de correo electrónico.

Reunións e tarefas con data determinada:

Presentación do novo curso	Setembro
Aprobación da Programación Xeral Anual	Outubro
Informe sobre o seguimento da P.X.A	Xaneiro / Abril
Aprobación do balance económico	Xaneiro
Orzamentos	Marzo
Admisión de alumnado	Abril
Aprobación da memoria final de curso	Xuño

Nome	Tarefa
M^a Aurora Candal Miranda	Presidente
Manuela Labandeira Vázquez	Xefa de Estudos
Cristina Arenas Hernán	Secretaria
M^a José Álvarez Devesa	Representantes do Profesorado
Carlos Couceiro Tenreiro	
Diana Martínez Morán	
José Manuel Robles Sobrino	
Pedro de Uña Álvarez	
Eva Louzán Caamaño	Representante da ANPA
Bibiana Canosa del Río	Representantes das Nais e Pais
José Antonio Freire Pastoriza	
Salomé León García	
Raquel Rodríguez Rodríguez	
Ana Paz	Representante do Concello
Marina Lorenzo Fernández	Representantes da Administración e Servizos

Outras reunións sen data prevista:

- Posibles conflitos disciplinarios de tipo extraordinario.
- Outro tipo de reunións.

4.- Plan de actuación dos Equipos de Coordinación Docente

Obxectivos Xerais

Continuamos coa pretensión de que haxa unha coordinación máis ampla e máis visible por parte de todo o Claustro. Unha das accións que levamos a cabo é precisamente manter a estrutura orgánica de equipos de nivel e de ciclo.

Para racionalizar o traballo dos equipos e comisións de coordinación didáctica acordamos realizar conxuntamente unha reunión mensual dos coordinadores do EACE, do EDLG e da Biblioteca.

4.1- Plan de Acción tutorial

A titoría do alumnado é un aspecto fundamental de relación educativa, sendo clave no proceso educativo e escolar do alumnado, por este motivo será de vital importancia revisar o citado plan.

Obxectivos Xerais:

- 1.- Coñecer o alumnado no aspecto académico e persoal.
- 2.- Informar ao equipo docente das características do grupo e alumnado.
- 3.- Facer un seguimento da evolución do alumnado en base ás pautas de avaliación consensuadas.
- 4.- Adoptar as medidas necesarias para dar resposta educativa a cada alumno.
- 5.- Informar ás familias dos obxectivos e metodoloxía do curso.
- 6.- Implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe: papel dos pais neste proceso, normas da casa, necesidade de coeducar, ocio, tempo libre, responsabilidade, actividades extraescolares...
- 7.- Cubrir os documentos oficiais de avaliación relativos ao grupo de alumnos.

Medios:

1.-Coñecer as características de cada alumno, revisando ao comezo de curso a documentación e o expediente académico, e tendo unha reunión co profesorado do ciclo ou etapa educativa anterior, se fose preciso.

- 2.-Reunirase coas familias ao comezo de curso, por ciclos para lles informar dos obxectivos do curso e o plan de traballo a seguir.
- 3.- Manterá unha entrevista individual coas familias do alumnado de novo ingreso no centro, en calquera curso que se integre o alumno.
- 4.-A orientadora, previa coordinación cos titores do sexto nivel, reunirase co servizo de orientación do IES Salvador de Madariaga, ao que estamos adscritos para informar das características do alumnado, sobre todo daqueles que van necesitar reforzo ou apoio.
- 5.-O profesorado tutor reunirase co equipo docente sempre que sexa preciso ademais das sesións de avaliacións.
- 6.-As familias recibirán unha información trimestral da marcha académica dos seus fillos e, no final de curso, recibirán unha cualificación final.
- 7.-O horario de atención ás familias será os luns pola tarde de 16:00 a 17:00. Se as familias non poden acudir neste tempo poñeranse de acordo co profesado para ser recibidos noutro momento. Se as familias necesitan falar co profesorado especialista, compre que avisen con antelación.

Tarefas extraescolares

Segundo o *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro* polo que se establece o Currículo da Educación Primaria en Galicia, os Centros docentes poderán incluír dentro da súa Programación Xeral Anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, os criterios xerais e pautas sobre o uso das tarefas extraescolares na Etapa da Educación Primaria.

Neste curso continuamos a facer un **uso racional das mesmas**, pero tendo en conta que se consideran importantes para a adquisición das Competencias Básicas.

4.2. Plans de traballo de ciclo

A) EDUCACIÓN INFANTIL

● OBXECTIVOS

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autonomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Continuar co proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación infantil a través da web do cole ou doutros soportes, ademais de exposicións no propio recinto escolar.
- Achegar, na medida do posible ao alumnado ás TIC`
- Fomentar o respecto cara a outras linguas diferentes da propia.
- Respetar distintos grupos sociais próximos, valorando as súas características, producións culturais, e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos con N.E.A.E.
- Concienciarse da redución de residuos a través do almorzo de media mañá.
- Participar no Proxecto Voz Natura a través da horta escolar.
- Fomentar un clima respectuoso entre o alumnado.
- Participar no P.D.I. sobre o Bosque Atlántico de Galicia que se levará a cabo no colexio.
- Traballar as diferentes formas de socialización entre os membros da comunidade educativa e afondar no desenvolvemento emocional.

● CALENDARIO DE REUNIÓN

Atendendo ao calendario fixado pola Dirección do centro, reuniremonos os luns pola tarde en torno a unha vez ao mes.

● **COMPOÑENTES DO CICLO**

Titoras:

Titora 4ºA: Mª Eugenia Suárez González-Vallés

Titora: 4ºB: Mª Isabel Rodríguez López

Titora 4ºC: Antía de la Fuente Cenamor

Titora de 5º A: Mª Victoria Mantiñán Canzobre

Titora de 5ºB : Mar Santiago Arca

Titora de 6ºA: Eva Carneiro Lobagueira

Titora de 6ºB: Ana Mª Campos Ferro

Mestras de apoio:

Mª Pilar Pérez Álvarez

Mª José Fernández Santiso

Mestra de Relixión Católica:

Susana Doval Rodríguez

Especialista en Educación Física:

Chus Abeledo Martínez

Especialista en Audición e Linguaxe:

Carina Brantuas Villaverde

● **PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

O período de adaptación terá lugar ata o día 15 e ademais con carácter voluntario. Durante eses días, as profesoras non titoras ou as titoras cando teña garda, apoiarán aos 3 grupos de 3 anos, no caso de que sexa necesario.

1º día: 3 grupos dunha hora dende ás 10:00-11:00. 11:15 a 12:15 e de 12:30 a 13:30.

2º día: dende as 9:00, 3 grupos de hora e cuarto. 9:00-10:15. 10:45-12:00. 12:30-13:45

3º e 4º días: 2 grupos de dúas horas, de 9:00 a 11:00 e de 11:30 a 13:30.

5º día, todos xuntos durante 3 horas, de 10:00 a 13:00

Todas as entradas serán pola porta principal do aulario de infantil e as saídas diante da porta das súas aulas

● **PLAN DE INTERVENCIÓN DO APOIO Á EI**

Contamos con dúas mestras de apoio para EI cun traballo coordinado co fin de garantir a necesaria unidade na acción educativa.

O apoio impartido por estas dúas mestras distribúese de maneira que cada grupo-aula ten, cada semana:

- catro sesións de apoio en aula: titora e mestra de apoio están co grupo e, nalgunhas ocasións, a de apoio leva á metade dos alumnos para outra aula e a titora queda na propia coa outra metade, o que permite traballar de forma máis directa cos nenos e nenas.
- outra sesión na que a mestra de apoio está soa co grupo-aula enteiro e a titora está de garda
- e outra na que a mestra de apoio imparte a Atención Educativa co alumnado que non pertence á relixión católica nin evanxélica. (1 hora por titoría)

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRE

Programaranse, en xeral, actividades relacionadas co PDI e cos proxectos do centro (Horto Escola/Voz Natura, Educación Responsable...)

1º Trimestre:

- Presentar o Plan de Traballo
- Formular propostas ao Equipo Directivo para a elaboración da PXA
- Preparar as reunións coas familias
- Estudo dos casos de alumnado que presenten problemas de aprendizaxe ou de calquera índole para solicitar asesoramento e/ou intervención do Departamento de Orientación
- Modificación das programacións didácticas no PROENS
- Programar conmemoracións e actividades lúdicas
- Planificación das saídas para o curso: solicitude de concertos didácticos e de actividades como as de Coruña Educa (rutas urbanas, seguridade vial, consumo responsable, etc) ofertadas polo Concello, ou outras entidades que

poden ofertar obras de teatro, proxección de cine, etc. Quedamos pendentes da súa concesión ou non.

2º Trimestre:

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Seguimento do alumnado con NEAE
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas
- Realización das saídas programadas e concedidas.

3º Trimestre

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas
- Elaboración da Memoria de Ciclo
- Realización das saídas concedidas para este trimestre e das excursión de fin de curso como á Granxa de Beelle para os de 3 anos.

● CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As sesións de avaliación das actividades propostas realizaranse na última reunión de cada trimestre:

- Nivel de realización das actividades propostas
- Valoración do grao de adecuación para os distintos niveis e grupos
- Análise de participación do profesorado, alumnado e familias no seu desenvolvemento
- Nivel de consecución de obxectivos propostos
- Propostas das correccións e medidas de mellora que se consideren oportunas

A coordinadora do ciclo: M^a Eugenia Suárez González-Vallés

B) 1º CICLO DE PRIMARIA

- **OBXECTIVOS.** Considerar como obxectivo prioritario a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de cálculo, insistindo unha vez máis na importancia da colaboración familiar.
 - Incidir na necesidade de manter a atención para o desenvolvemento das actividades escolares.
 - Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación da contorna inmediata: aula, patio, corredores, horta e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos nenos e nenas e a mellora da súa calidade de vida.
 - Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
 - Dar continuidade ao alumnado no manexo das TICs
 - Favorecer a integración de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.
 - Favorecer a participación do alumnado no Proxecto Documental Integrado que se levará a cabo este curso no centro.

- **CALENDARIO DE REUNIÓNS:**

As reunións celebraranse os primeiros luns de mes.
- **COMPOÑENTES DO CICLO:**
 - Dolores Zurita San Millán (titora de 1ºB)
 - Maria Josefa Rodríguez Leiro (titora de 1ºC)
 - Paula Martínez Soto (titora de 1ºA e coordinadora de nivel 1º)
 - Isabel González Ferreiro (titora de 2ºB)
 - Mª Rosario Sousa Dopazo (titora de 2ºA)
 - Soraya Salgado Martínez (titora de 2ºC e coordinadora de nivel 2º e de ciclo)
 - Teresa María González Pérez (Lingua Estranxeira Inglés)
 - Cristina Arenas Hernán (Educación Musical)
 - Mª Boado (especialista en A.L.)
 - Paloma Fraga Couceiro (especialista PT)

● PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRE

1º Trimestre:

- Constitución Equipo de ciclo e presentar o Plan de Traballo
- Posta en común de obxectivos, criterios de promoción e estándares de aprendizaxe que rexerán as programacións das materias
- Formular propostas ao Equipo Directivo para a elaboración da PXA
- Preparar as reunións coas familias
- Estudo dos casos de alumnado que presenten problemas de aprendizaxe ou de calquera índole para solicitar asesoramento e/ou intervención do Departamento de Orientación
- Modificación das programacións didácticas no PROENS
- Programar conmemoracións e actividades lúdicas

2º Trimestre:

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Seguimento do alumnado con NEAE
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas

3º Trimestre

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas
- Elaboración da Memoria de Ciclo

● CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As sesións de avaliación das actividades propostas realizaranse na última reunión de cada trimestre:

- Nivel de realización das actividades propostas
- Valoración do grao de adecuación para os distintos niveis e grupos

- Análise de participación do profesorado, alumnado e familias no seu desenvolvemento
- Nivel de consecución de obxectivos propostos
- Propostas das correccións e medidas de mellora que se consideren oportunas

A coordinadora do ciclo: Soraya Salgado Martínez

C) 2º CICLO DE PRIMARIA

● OBXECTIVOS

- Potenciar a utilización da Lingua Galega para conseguir que sexa usada como instrumento de comunicación habitual
- Desenvolver actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos/as
- Mellorar a competencia lectora do alumnado do ciclo mediante as seguintes medidas:
 - Desenvolver actividades lectoras incidindo nunha comprensión, entoación e ritmo axeitados
 - Continuar co Plan Anual de Lectura
 - Solicitar a colaboración das familias para que os seus fillos/as lean diariamente na casa
 - Potenciar o uso da biblioteca escolar e o sistema de empréstitos
- Facilitar estratexias que impliquen a mellora do razoamento lóxico-matemático, a resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de I, así como a súa aplicación en situacións da vida cotiá
- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, valorando o esforzo para a consolidación das aprendizaxes
- Promover as relacións interpersoais cos compañeiros/as e cos adultos do seu entorno escolar e social nun ambiente de cordialidade, respecto e compañeirismo
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos
- Coñecer e apreciar os Valores e as Normas de Convivencia e aprender a obrar de acordo a elas
- Implicar aos alumnos/as de forma máis directa e activa no respecto polas instalacións do colexio e do seu contorno
- Mentalizar ao alumnado na defensa do Medio Ambiente, fomentando hábitos que contribúan a unha vida saudable
- Promover traballos de investigación nos que a biblioteca e as novas tecnoloxías sexan os principais centros de recursos

- Formar aos alumnos/as no uso da aula virtual e dos instrumentos TICs
- Fomentar a Educación Viaria e actividades que incidan na prevención de accidentes de tráfico
- Salientar a importancia da hixiene na vida diaria
- Valorar a saúde, aceptar o propio corpo e dos demais e respectar as diferenzas
- Contemplan as diferentes situacións afectivo- emocionais que poden afectar aos alumnos/as e ao seu entorno
- Traballar para que os alumnos e alumnas se sintan realmente orgullosos de vivir en Galicia, valéndonos do enorme patrimonio que ten e relacionándoo co PDI do presente curso

- **CALENDARIO DE REUNIÓNS.**

As reunións celebraranse os primeiros luns de mes.

- **COMPOÑENTES DO CICLO**

O profesorado do ciclo é o seguinte:

- Ana Fernández, titora de 3ºA (na actualidade substituída por Beatriz Borrazás)
- Luisa Domínguez, titora de 3ºB
- Marta Susana Bran, titora de 3ºC
- Salvador Espiñeira, titor de 4ºA e coordinador do equipo
- Manuela Labandeira, titora de 4ºB
- Aurora Candal, titora de 4ºC
- Yolanda Amor, mestra da Aula Específica
- Diego López, especialista de EF
- Mª Ces, especialista de Inglés
- Mª Boado, especialista en A.L.

- **PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRE**

Programaranse actividades relacionadas co PDI e cos proxectos do centro (Horto Escola/Voz Natura, Educación Responsable...)

En xeral.

1º Trimestre:

- Constitución Equipo de ciclo e presentar o Plan de Traballo
- Posta en común de obxectivos, criterios de promoción e estándares de aprendizaxe que rexerán as programacións das materias
- Formular propostas ao Equipo Directivo para a elaboración da PXA
- Preparar as reunións coas familias
- Estudo dos casos de alumnado que presenten problemas de aprendizaxe ou de calquera índole para solicitar asesoramento e/ou intervención do Departamento de Orientación
- Modificación das programacións didácticas no PROENS
- Programar conmemoracións e actividades lúdicas

2º Trimestre:

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Seguimento do alumnado con NEAE
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas

3º Trimestre

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas
- Elaboración da Memoria de Ciclo

● CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As sesións de avaliación das actividades propostas realizaranse na última reunión de cada trimestre:

- Nivel de realización das actividades propostas
- Valoración do grao de adecuación para os distintos niveis e grupos
- Análise de participación do profesorado, alumnado e familias no seu desenvolvemento

- Nivel de consecución de obxectivos propostos
- Propostas das correccións e medidas de mellora que se consideren oportunas

O coordinador do ciclo: Salvador Espiñeira

D) 3º CICLO DE PRIMARIA

● **OBXECTIVOS**

Ao finalizar o 6º curso cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito o cambio que lle supón a incorporación ao ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

- Mellorar a relación entre compañeiros/as e a resolución de conflitos
- Potenciar un ambiente de estudo e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula.
- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.
- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía, valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.
- Traballar e mellorar a expresión oral. Participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que o rexen. Usar as fórmulas e o tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse ...
- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura.

Con respecto á **lectura** incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

1. comprensión.
2. velocidade adecuada
3. entoación

En canto á **escritura** os aspectos prioritarios serán:

1. velocidade
2. presentación
3. adecuación lóxica
4. corrección sintáctica e ortográfica.
5. Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propia.

- Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.
- Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.

- Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.
- Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, responsabilidade e compromiso, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.
- Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.
- Continuar a nosa participación no proxecto EDIXGAL.
- Introducción a sección bilingüe en educación plástica e visual para 6º nivel.
- En Lingua Inglesa continuarase co traballo de mellora da expresión oral con falantes nativos de Lingua Inglesa, así como coa incorporación da sección bilingüe en educación plástica e visual en 6º curso.
- Familiarizarse e conseguir un uso responsable das novas tecnoloxías e da internet.
- Potenciar o traballo en grupo para favorecer a aprendizaxe entre iguais no ámbito dixital.
- Consegue adaptar a plataforma dixital ao alumnado de NEE para a adquisición de habilidades e un mellor aproveitamento dos recursos.
- Adaptar a metodoloxía de traballo ao proxecto dixital.
- Apoiar e comprometer nos coa actividade de teatro cuxa continuidade valoramos por considerala un complemento importante na formación do alumnado.
- Continuar coas actividades propostas polo centro incluídas no PDI “O monte galego”
- Incidir na educación emocional do alumnado a partir do proxecto “O coro das emocións”.
- Promover actitudes de respecto entre iguais, prestando especial atención a posibles situacións de acoso.
- Valorar a introducción da figura de mediador de aula.

● CALENDARIO DE REUNIÓN

Primeiro luns de cada mes.

● **COMPOÑENTES DO CICLO**

- M.^a José Álvarez Devesa (titora 6ºA)
- José Manuel Robles Sobrino (titor 6ºB)
- Raquel López Manteiga (titora 6ºC) (Coordinadora)
- M.^a Pilar Muñoz Lagarón (titora 5ºA)
- Andrea Puñal Castro (titora 5ºB)
- M.^a Teresa Otero Fernández (titora 5ºC)
- Pedro de Uña Álvarez (E.musical)
- Rosa Fernández Sánchez (E. inglesa)
- Carlos Couceiro Tenreiro (E.física)
- Paloma Fraga Couceiro (Pedagogía terapéutica)
- M.^a José Lago Petisco (E. relixiosa católica)
- Hilda Ramos Vázquez (E. relixiosa evanxélica)

● **PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRE**

Programaranse actividades relacionadas co PDI e cos proxectos do centro (Horto Escola/Voz Natura, Educación Resñponsible...)

En xeral.

1º Trimestre:

- Constitución Equipo de ciclo e presentar o Plan de Traballo
- Posta en común de obxectivos, criterios de promoción e estándares de aprendizaxe que rexerán as programacións das materias
- Formular propostas ao Equipo Directivo para a elaboración da PXA
- Preparar as reunións coas familias
- Estudo dos casos de alumnado que presenten problemas de aprendizaxe ou de calquera índole para solicitar asesoramento e/ou intervención do Departamento de Orientación
- Modificación das programacións didácticas no PROENS
- Programar conmemoracións e actividades lúdicas

2º Trimestre:

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Seguimento do alumnado con NEAE
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas

3º Trimestre

- Valoración do grao de cumprimento do reflectido nas programacións, PXA referido ao ciclo e acordar medidas correctoras se é o caso
- Programar actividades específicas do trimestre
- Avaliación das actividades propostas
- Elaboración da Memoria de Ciclo

● CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As sesións de avaliación das actividades propostas realizaranse na última reunión de cada trimestre:

- Nivel de realización das actividades propostas
- Valoración do grao de adecuación para os distintos niveis e grupos
- Análise de participación do profesorado, alumnado e familias no seu desenvolvemento
- Nivel de consecución de obxectivos propostos
- Propostas das correccións e medidas de mellora que se consideren oportunas

A coordinadora do ciclo: Raquel López Manteiga.

E) PROGRAMACIÓN AULA ESPECÍFICA DE EDUCACIÓN ESPECIAL

OBXECTIVOS

A finalidade que persegue a aula específica de educación especial é potenciar o desenvolvemento integral dos alumnos escolarizados nela, priorizando os ámbitos social e comunicativo. Para acadar esta finalidade apoiámonos nos seguintes obxectivos xerais:

A nivel de centro

- Respetar as normas de convivencia así como un axeitado comportamento nas distintas dependencias do centro onde realizamos as actividades diarias.
- Entender a distribución horaria do centro e comprender distintas situacións relacionadas coa organización (entradas e saídas, recreos, saídas educativas, etc)
- Asesorar e apoiar ó profesorado da aula ordinaria na adaptación de materiais e no desenvolvementos das adaptacións curriculares individualizadas.
- Elaborar e buscar materiais didácticos apropiados ás necesidades educativas dos/as alumnos/as.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías no proceso de ensinanza aprendizaxe dos/as alumnos/as con programas que lles axuden a mellorar a súas competencias e desenvolvemento curricular

A nivel de aula

- Construír a súa propia identidade e contribuír á formación dunha imaxe positiva de si mesmos a través do coñecemento e a valoración das súas características persoais, das súas posibilidades e das súas limitacións.
- Actuar progresivamente de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais.
- Vivenciar e percibir as relacións sociais nos núcleos básicos de relación (familia, escola, etc) establecendo vínculos interactivos e favorecendo a normalización e xeneralización a outros ámbitos sociais, aprendendo pautas de respecto ós demais.
- Colaborar na realización de actividades de grupo aceptando as normas establecidas e asumindo as responsabilidades que correspondan
- Coñecer, valorar e respetar distintas formas de comportamento, así como controlar os comportamentos disruptivos.

- Explorar e coñecer o entorno físico-natural e social máis próximo e desenvolver actitudes de coidado e respecto do mesmo.
- Coñecer e participar nas actividades culturais e artísticas do centro e da comunidade (festividades, xogos compartidos, etc) tendo en conta a súa diversidade e desenvolvendo actividades de interese e aprecio.
- Utilizar a linguaxe oral de forma cada vez máis axeitada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendido polos outros. Utilizar sistemas de comunicación aumentativos e/ou alternativos como apoio ou substitución da linguaxe oral.
- Participar na satisfacción das súas necesidades básicas, de maneira cada vez máis autónoma. Avanzar na adquisición de hábitos e actitudes saudables, apreciando e disfrutando das situacións cotiás.
- Proporcionar un contexto predecible e normalizado no que o alumno/a se sinta seguro.
- Favorecer metodoloxías para diminuír condutas desadaptadas.

A nivel familiar

- Ofrecer orientacións ás familias para o desenvolvemento de pautas que permitan unha transferencia ós diferentes contextos das estratexias que o alumnado vaia adquirindo.
- Establecer canles de comunicación fluídos coas familias que permitan un intercambio efectivo de información.
- Fomentar a participación das familias nas actividades e propostas da aula.

4.3- Comisión de Coordinación Pedagóxica

Composición

Apelidos e Nome	Especialidade	Tarefa
M ^a Eugenia Suárez González-Vallés	EI	Coordinadora Infantil
Soraya Salgado	EP	Coordinadores/as
Salvador Espiñeira Riveiros		
Raquel López Manteiga		
Diego Alejandro López		
M ^a Teresa Otero Fernández		
M ^a Luisa Domínguez Pérez		
Yolanda Amor Boquete		
Antía de la Fuente Cenamor	Horto	
María Boado Valiño	Teatro	
Yolanda Amor Boquete	PT	
M ^a Aurora Candal Miranda	DR	
Cristina Arenas Hernán	SE	
Manuela Labandeira Vázquez	XE	
M ^a Montserrat Rodríguez Martínez	OR	

As reunións terán unha periodicidade mensual.

4.4- Plan Xeral de Avaliación

O Equipo Directivo velará polo cumprimento do Plan Xeral Anual. A fin de curso farase unha avaliación xeral que formará parte da Memoria Anual do Centro.

Seguirase o establecido na ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
- Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
- A avaliación no 2º ciclo de educación infantil servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes.
- A avaliación na educación primaria ten como finalidades a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación.
- A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a

garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.
- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.
- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan

específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

5.- Equipos de Dinamización Xeral do Centro

5.1. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

- Revisar o Proxecto Lingüístico do Centro.
- Fomentar o emprego do galego nas diferentes actividades que se levan a cabo no colexio para conseguir a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Empregar recursos multimedia para a divulgación da lingua galega.
- Apoiar as iniciativas que axuden á divulgación dos diferentes aspectos da cultura.
- Colaborar na celebración das festas tradicionais (Magosto, Entroido..) e organizar actividades para conmemorar a Semana das Letras Galegas.
- Colaborar co equipo de Biblioteca Escolar na busca de materiais bibliográficos e recomendacións de lecturas.
- Colaborar co equipo das TICs para o coñecemento e emprego de recursos multimedia que permitan fomentar o galego e a nosa cultura.
- Colaborar na organización de calquera actividade que o profesorado ou as distintas comisións nos demanden e promover a relación interclases e niveis mediante a exposición oral en galego de traballos feitos na aula.
- Colaborar co Proxecto de Voz Natura que se desenvolve no centro a través do horto escolar, potenciando o uso da lingua galega nas diferentes actividades.
- Manter unha avaliación continua dos proxectos que se van levando a cabo de cara a introducir melloras ou cambios.
- Fomentar dunha maneira lúdica a convivencia entre todo o alumnado do Centro.
- Fomentar o traballo en gran grupo na elaboración de murais e diversas actividades que xurdan ao longo do curso.

- Conseguir que os nenos e nenas sexan quen de situar no tempo cada unha das festas tradicionais e comprendan o carácter das mesmas.
- Colaborar e participar no proxecto documental integrado (PDI) que se traballará durante este ano no Centro sobre o bosque atlántico de Galicia.
- Colaborar coa ANPA nas actividades e festas que organice.

Composición do equipo de dinamización da lingua galega:

Susana Doval Rodríguez (E.I.)

M^a Isabel Rodríguez López (E.I.)

Dolores Isabel González Ferreiro (1^o ciclo)

Cristina Arenas Hernán (2^o ciclo)

M^a Luisa Domínguez Pérez (2^o ciclo) (Coordinadora)

M^a José Álvarez Devesa (3^o ciclo)

Pilar Muñoz Lagarón (3^o ciclo)

5. 2. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

- Apoiar as iniciativas que axuden á divulgación dos diferentes aspectos da cultura.
- Colaborar co EDLG na celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido...) e organizar actividades para conmemorar a Semana das Letras Galegas.
- Colaborar co equipo das TICs para o coñecemento e emprego de recursos multimedia que permitan fomentar os obxectivos do EACE e as súas actividades.
- Colaborar na organización de calquera actividade que o profesorado ou as distintas comisións nos demanden e promover a relación interclases e niveis mediante a exposición oral en galego de traballos feitos na aula.
- Colaborar co Proxecto de Voz Natura que se desenvolve no centro a través do horto escolar.
- Manter unha avaliación continua dos proxectos que se van levando a cabo de cara a introducir melloras ou cambios.
- Fomentar dunha maneira lúdica a convivencia entre todo o alumnado do Centro.

- Fomentar o traballo en gran grupo na elaboración de murais e diversas actividades que xurdan ao longo do curso.
- Utilizar as actividades complementarias e extraescolares para fomentar a formación integral de todo o alumnado.
- Conseguir que os nenos e nenas sexan quen de situar no tempo cada unha das festas tradicionais e comprendan o carácter das mesmas.
- Organizar eventos e conmemoracións da comunidade educativa do noso Centro.
- Colaborar e participar no proxecto documental integrado (PDI) que se traballará durante este ano no Centro sobre o patrimonio forestal galego.
- Colaborar coa ANPA nas actividades e festas que organicen.

5.2.1. Conmemoracións

ACTIVIDADES/CONMEMORACIÓNS E FESTAS DO EACE

CURSO 23-24

DATA	ACTIVIDADE	CURSO/EQUIPO/CENTRO
11 de setembro	1º DÍA DE COLE	Todo o Centro
15 de setembro	Aniversario de Emilia Pardo Bazán	BIBLIOTECA Todo o Centro
16 de outubro	Día das escritoras	BIBLIOTECA Todo o Centro
20 de outubro	VOLTA AO COLE Actividade solidaria contra a leucemia infantil	Todo o Centro
31 de outubro	SAMAÍN	Todo o Centro

10 de novembro	MAGOSTO	Todo o Centro
20 de novembro	Día Universal da Infancia.	AULA
25 de novembro	Día Internacional contra a Violencia de Xénero.	Todo o Centro
Do 28 de novembro ao 5 de decembro	Commemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.	AULA
4 de decembro	Día Internacional das Persoas con Discapacidade.	Departamento de Orientación
11 de decembro	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	AULA
Do 12 ao 22 de decembro	NADAL: Decoración portas, Concurso de Postais de Nadal,...	Todo o Centro
21 de decembro	FESTIVAL DE NADAL	Todo o Centro
30 de xaneiro	Día Escolar da Paz e non violencia	Todo o Centro
9 de febreiro	ENTROIDO	Todo o Centro
Do 4 ao 8 de marzo	SEMANA DA PRENSA	Todo o Centro
23 de febreiro	Día de Rosalía de Castro	Todo o Centro
8 de marzo	Día Internacional da Muller	AULA

15 de marzo	Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	AULA
20 de marzo	Día da Poesía e dos bosques	Todo o Centro
22 de marzo	Día do Teatro e Día das Artes galegas	Todo o Centro
1 de abril		
5 de abril	Día Mundial da Saúde	AULA
Entre o 22 e o 26 de abril	Semana do libro.	BIBLIOTECA
2 de maio	Día Internacional contra o Acoso Escolar.	AULA
9 de maio	Día de Europa.	AULA
Do 13 ao 17 de maio	Semana das Letras Galegas (autora Luisa Villalta).	Todo o Centro
5 de xuño	Día Mundial do Medio Ambiente	AULA
21 de xuño	Festa de Fin de curso	Todo o Centro
Ao longo do curso	*En todas as actividades que se realicen	Aula Especifica

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DEPARTAMENTO DE INGLÉS	
CHARLAS - OBRADOIROS CON FALANTES NATIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - “<u>Bits of British</u>”: estereotipos sobre os británicos - “<u>Be thankful</u>”: tradicións en torno a Thanksgiving Day - “<u>Robin Hood</u>”: o bosque de Sherwood - “<u>Wear green</u>”: Irlanda e St. Patrick’s Day - “<u>The battle of Corunna</u>”: sir John Moore
CELEBRACIÓNS TRADICIONAIS	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Autumn</u>: Halloween, Bonfire Night, Poppy Day, Thanksgiving Day - <u>Christmas: Secret Santa</u> - Peace Day: Flower Children and the hippies - <u>Valentine’s Day</u> - <u>Easter</u>
READERS CLUBS	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura na aula de 3 títulos en inglés ao longo do curso co gallo de ir creando unha pequena biblioteca persoal
PROXECTOS	<ul style="list-style-type: none"> - PDI: O bosque de Sherwood e Robin Hood - SAY & PLAY: ditos e xogos populares - CHIT-CHAT: conversas entre nós - GLOBETROTTERS: viaxe polos países de fala inglesa - POSTCROSSING: intercambio con penpals en Manchester
SCHOOL RADIO:	<ul style="list-style-type: none"> - Gravación dun programa de radio trimestral

“The Book Nook”	- Gravación de podcasts variados
THEATRE	- Asistencia a unha obra de teatro interactiva a cargo da compañía Face2Face, subvencionada pola ANPA do centro
NGOs	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Xmas Jumper Day</u> (7 decembro): con Save the Children - <u>Red Nose Day</u> (9 marzo): con Comic Relief

Xustificación da proposta

Non se pode concibir a realización de actividades, campañas e calquera outra proposta de dinamización que non teñan un fío común que permita a globalización das mesmas. Pretendemos unha dinamización xeral do centro na que todas as persoas que traballamos no mesmo nos sintamos incluídos, cadaquén dentro das súas posibilidades.

Composición do equipo de actividades complementarias e extraescolares:

M^a Jesús Abeledo Martínez (E.F.)

Marta Bran Viña (2º ciclo)

Carina Brantuas Villaverde (E.I.)

Dolores Isabel González Ferreiro (1º ciclo)

Teresa González Pérez (1º ciclo)

M^a Teresa Otero Fernández (3º ciclo) (Coordinadora)

M^a del Rosario Sousa Dopazo (1º ciclo)

5.2.2. Saídas Didácticas

Inscripción en “ La vuelta al cole”: actividade solidaria contra a leucemia infantil.

En todos os ciclos están solicitadas saídas ofertadas polo Concello dentro do Plan “Coruña educa”.

Están solicitados os concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Saídas aos museos científicos.

Representación da obra de teatro escolar.

En preparación, as saídas de fin de curso.

E sempre quedamos a espera de calquera outra que poida xurdir ao longo do curso e que consideremos interesante e axeitada ao noso alumnado

5.3. Plan de Biblioteca

1. Xustificación

Este documento quere ser o inicio do proxecto que consiga achegar a nosa Biblioteca Escolar ao concepto que as directrices da IFLA (2015) definen como *“un entorno físico e virtual de aprendizaxe no que a lectura, a investigación, a procura, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son fundamentais para que o alumnado transforme a información en coñecemento e para o seu desenvolvemento persoal, social e cultural”*.

2. Análise das necesidades

Continuaremos co proceso de equilibrio dos fondos informativos e de ficción, tratando de achegarnos á proporción de 60% de fondos informativos e de 40% de fondos de ficción, tal e como establecen as recomendacións da IFLA, xa que actualmente esta porcentaxe atópase nun 25 - 75%. En canto ás necesidades máis urxentes relativas a equipamento e mobiliario, estas son algunhas das que consideramos que deberemos ir abordando ao longo do próximo curso nos dous espazos que formarán a BE:

2º Andar (BiblioLab)

Mercar mesas para a zona de traballo e mobles de organización.

Valorar a instalación dun equipamento con luz negra.

Instalación dunha zona para a gravación audiovisual, con paneis, focos, paraugas...

Mercar un panel ou outro medio para a proxección.

3. Obxectivos

1. Formar de xeito básico aos usuarios/as: coñecer a biblioteca e os seus recursos.
2. Apoiar programas do centro e proxectos de aula e áreas.
3. Favorecer e promover actuacións de inclusión e de atención á diversidade.
4. Realizar actividades de investigación e procura de información.
5. Promover e desenvolver actividades de fomento da lectura.
6. Seleccionar e distribuír as obras para as seccións documentais de aula.
7. Elaborar e colaborar no desenvolvemento do Plan Anual de Lectura.
8. Adecuar o equipamento ás necesidades do centro.

9. Realizar tarefas técnico-organizativas para o mantemento da colección e os servizos.
10. Xestionar e implicar ao profesorado na xestión da biblioteca.
11. Promover e difundir os servizos da biblioteca.
12. Xestionar os fondos documentais.
13. Colaborar coa biblioteca municipal de Los Rosales.
14. Colaborar coa biblioteca escolar do IES Salvador de Madariaga.
15. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento dos servizos da BE.
16. Potenciar a través de actividades a apertura en horario extraescolar.
17. Potenciar a presenza da BE na web do centro.
18. Dinamizar o blog da biblioteca.
19. Dinamizar as contas en redes sociais: X e Instagram.
20. Continuar coa presenza da BE nos documentos do centro (PE, PXA, Memoria...)
21. Formar e informar ao profesorado no uso da BE.
22. Formar aos integrantes do equipo no ámbito das bibliotecas escolares.
23. Avaliar o funcionamento e cumprimento do plan de traballo da BE.

4. Organización e funcionamento do equipo de biblioteca

O equipo de biblioteca está composto na maioría por profesorado definitivo no centro. Na organización do colexio permanecen as reunións de ciclo e de nivel polo que no equipo estarán representados todos os ciclos, un membro do equipo directivo, do equipo de orientación e representantes das áreas dos mestres/as especialistas (relixión, EF e ELE). O equipo terá programada como mínimo unha reunión ao mes onde se coordinará o traballo de cada un dos membros, sen prexuízo que, por necesidade, se poidan programar máis reunións ao longo deste período. O equipo funcionará por grupos de traballo que se coordinarán a través da adaptación da metodoloxía Kanban para que todos os integrantes coñezan o estado de cada unha das tarefas planificadas. No caso de que sexa necesario realizaranse reunións a través de videoconferencias a través da aplicación facilitada/aconsellada pola Consellería de Educación.

Tratarase de que exista coordinación cos equipos de EDLG, TIC, EACE, Teatro e Horto, co obxectivo de que as propostas non se solapen e que haxa iniciativas comúns, programando reunións conxuntas entre os/as responsables destes equipos e mantendo informado ao claustro de todas as ideas que xurdan en común.

5. Actuacións previstas

Tal e como establece a convocatoria pasamos a detallar a previsión de actividades e actuacións que temos previsto desenvolver, aínda que será susceptible de modificación, por ampliación destas ou pola súa substitución/eliminación en función da súa avaliación.

5.1. Xestión técnica e organización

Respecto á organización interna xa se especificou no anterior punto como serían as canles de comunicación.

Continuarase co traballo de catalogación coa plataforma de xestión **KOHA**. Establécese a posibilidade de realizar formación no seu uso tanto ao profesorado, alumnado e familias. Revisaremos e actualizaremos os criterios de empréstito e devolucións para os distintos usuarios/as da BE.

Actualizaremos os **criterios de adquisición** de novos fondos, podendo ser modificados no caso de así decidilo o equipo, tendo en conta sempre a procura do equilibrio recomendado. Continuarase co **criterios de expurgación** que facilitarán estes traballos. A expurgación realizarase en dous momentos do curso, antes da apertura, durante o mes de setembro, e a finais de curso, sabendo que ao longo deste poden expurgarse fondos por diversos motivos establecidos nos criterios anteriormente mencionados.

Continuarase coa **subscrición** a diversas revistas e xornais para EI e EP: Caracola, Reportero DOC, I love English Junior, O Papagaio e Principia Kids, valorándose a incorporación dalgunha nova subscrición como é a de Pantera.

Ao principio do curso realizaremos un **calendario** flexible e revisable, no que se poderá reservar calquera dos dous espazos da biblioteca escolar, co obxectivo de coñecer o uso programado de cada unha das seccións. Este calendario estará publicado nos taboleiros informativos do centro e difundirase polos medios de comunicación habituais do centro.

Revisarase a recollida de **suxestións** por parte dos usuarios/as na caixa habilitada para estas nsa entrada da biblioteca e continuarase co servizo de recolección destas a través do blog da biblioteca.

5.2. Formación de usuarios

Queremos enfocar a formación de usuarios/as desde unha perspectiva continua, onde se desenvolva ao longo de todo o curso mediante actividades de carácter continuado, pero tamén con iniciativas puntuais.

Revisión e adaptación se fose necesario da **guía da biblioteca**, na que se recollen os apartados máis importantes (plano, horario, normas, fondos...) para que toda a comunidade escolar poida utilizala con autonomía. Esta guía publicarase na web do centro e no blog, tamén distribuirase a través das canles de comunicación do centro (Abalar, canle Telegram do centro e RRSS se fose o caso).

Realizaranse **sesións para EI - 1º ciclo - 2º ciclo - 3º ciclo** nas que asistirá todo o profesorado para que coñeza tanto a organización como o funcionamento da biblioteca, previamente compartirase a **guía do profesorado**, na que estarán todos aqueles aspectos esenciais para a súa utilización.

Establecerase un calendario de visitas antes da apertura da biblioteca nas que todas as aulas do centro participarán nunha **sesión de formación** na que se expliquen de xeito sinxelo e ameno as diferentes zonas nas que está organizada, as normas de uso, a organización dos fondos... Os materiais e recursos utilizados estarán adaptados ás idades dos nenos/as.

Organizarase un **equipo de apoio**, solicitando voluntarios/as entre o **alumnado** de 6º e 5º de EP, que se encargarán de desenvolver a xestión de espazos, empréstito e devolucións, dinamización da lectura, dinamización do espazo de radio, formación de usuarios e mediadores que poderán ser utilizados na hora de ler. Este alumnado comprometerase de xeito trimestral e revisarase este compromiso ao finalizar cada período. Os alumnos/as asinarán un documento de compromiso cuns deberes e cunhas recompensas ao seu traballo, que serán decididas polo equipo.

Ao longo do curso desenvolveranse **concursos** e **xogos** cos que coñecer e aprender sobre o funcionamento da biblioteca.

Organizarase e facilitarase aos cursos que o demanden **visitas á Biblioteca Municipal** do barrio (Los Rosales) para que coñezan a súa organización e a poidan comparar coa escolar. Tratarase de programar visitas de visitas á **biblioteca escolar do IES Salvador de Madariaga**, como centro adscrito. Estas estarán dirixidas ao alumnado de 5º e 6º de EP, aínda que tamén abertas a posibles peticións dos titores/as doutros cursos previstas para o terceiro trimestre.

5.3. *Educación para a competencia en información*

A alfabetización informacional será unha das prioridades dentro da programación de actividades durante o próximo curso. Ademais de apoiar coas tarefas que se demanden desde as aulas para o traballo dentro destas, tamén se desenvolverán actuacións como a **recompilación** de fondos da biblioteca solicitados polos titores/as, a actualización do **repositorio** de recursos de apoio ao currículo ao que se accederá desde o blog, **obradoiros** que compensen factores de desigualdade para favorecer a expresión oral e o manexo de recursos para realizar traballos de documentación dun xeito ético e responsable, impulsar o **multialfabetismo** favorecendo a lectura de imaxes e películas a través de xornadas de carácter semanal de cine na biblioteca, que inciten ao diálogo e á reflexión.

Trataremos de desenvolver **tarefas de investigación** a través do desenvolvemento do *Proxecto Documental Integrado* adicado neste curso ao bosque atlántico/bosques de Galicia, relacionándoo cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS). A través deste proxecto trataremos que o alumnado teña que procurar información, seleccionala, analizala, transformala, comunicala e avaliala. Aprobado no claustro de xuño comezaremos a desenvolvelo tanto na Etapa de Infantil como de Primaria a partir do mes de outubro coas actividades de motivación.

No caso de que xurdisen propostas desde outros equipos, mestres/as ou alumnado incluíremolas e trataremos de darlles forma de traballo de investigación.

5.4. *Actividades para o fomento da lectura*

Estableceremos dúas distincións: as actividades que se desenvolverán durante todo o curso e aquelas que teñan carácter puntual e duración menor a un mes.

Continuas

Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida: continuarase co proxecto, no que o centro foi pioneiro, que consiste en 20' de lectura libre por parte de alumnado, e profesorado nas aulas. Este tempo, nalgunhas ocasións, pode ser ocupado por actividades en grupos internivel nas que se intercambien experiencias lectoras. Durante este curso este tempo de lectura libre realizarase a continuación do recreo a partires das 12h.

Mochilas Viaxeiras: continuaremos con esta actividade en 5º de EP. Primeiro farase unha selección de fondos atractivos e axeitados aos nenos/as, incluíndo un libro relacionado co proxecto desenvolvido durante o curso, así como algún fondo ou recurso que poidan compartir en familia. As seis mochilas (dúas por grupo) irán recorrendo os fogares do alumnado. Acompañaranas un caderno no que as familias poidan expresarse e que, a súa finalización, será dixitalizado, para a súa consulta a través da rede, e catalogado para a consulta en sala. Esta actividade estará xestionada no que se refire ás entregas e devolución por un membro do equipo de biblioteca.

Continuaremos coas mochilas robóticas que estarán dirixidas ao alumnado de 2º de EP. Ademais de fondos documentais levarán no seu interior un escornabot con tableiros para practicar o pensamento computacional e iniciarse na robótica.

Ás familias do alumnado de 4º de EI facilitaremoslle un material de promoción da lectura que estará na casa das familias ata o mes de maio.

Tédelos que coñecer!: Seleccionaremos obras de non ficción e de ficción (libros e revistas), que consideremos que deben ser coñecidas polo alumnado, ben pola súa calidade ou por ser novidades na colección, e que formarán parte da biblioteca de aula durante todo o trimestre. Tamén, seguindo as indicacións do DO, incluiremos libros de lectura fácil e con pictogramas para achegar estes fondos ao alumnado NEAE. Realizaremos estas caixas para os tres grupos dos distintos niveis de Educación Primaria, rotando ao longo dos distintos trimestres.

Clubs de lectura: Continuarase cos Book Club que dirixirá un membro do equipo de biblioteca e que se desenvolverá os últimos venres de cada mes en horario extraescolar (16-18:00h) para alumnado de 5º (BookLand) e 6º de EP (BookWorms). Continuaremos cos clubs de lectura “Bolboretas lectoras”, “PapaLibros” e “Viaxeiros por papel” (4º, 5º e 6ºEP) para alumnado de Educación Primaria con periodicidade mensual dirixidos por un membro do equipo de biblioteca. Asimesmo, comezamos con ENRE2 EPB, club de lectura de ficción dixital dirixido a alumnado de 4º, 5º e 6ºEP. Estas actividades desenvolveranse principalmente na biblioteca, aínda que algunha sesión ou algún grupo podería realizarse na biblioLab.

Continuaremos co club “Entre Liñas” dirixido a adultos, en principio dirixido a membros do corpo docente e persoal de servizos do centro, no que se achegan obras relacionadas coa educación.

Diálogos filosóficos: continuamos con esta actividade en horario extraescolar cunha periodicidade mensual, ofertada a alumnado de 4º e 5ºEP. A mediadora será unha mestra de EI do centro.

Vós contades!: nos recreos tratarase de levar unha programación anual de lecturas, dramatizacións, actuacións musicais... realizadas polo propio alumnado para os compañeiros/as. Procurarase que haxa unha adaptación ás idades obxectivo das propostas, que poderán ser preparadas na clase, como parte do traballo dalgunha das áreas, ou de xeito autónomo por parte dos nenos/as. Ao mesmo tempo sondaremos a posible implicación das familias para que poidan formar parte destas actividades como lectores, narradores, expertos, relatores...

Radio escolar: continuarase co proxecto da Radio escolar no centro. Continuaremos coa formación tanto para o profesorado interesado como para o alumnado participante. Os podcast publicaranse periodicamente na canle iVoox e as retransmisións en directo, se fose o caso, faranse a través da canle Spreaker.

A programación de actividades consistirá en:

- Elaboración e gravación de monográficos relacionados co PDI.
- Gravación de monográficos elaborados desde as aulas.

- Elaboración e gravación do programa trimestral “OndaTi” realizado polo alumnado.
- Gravación de audiolibros.
- Elaboración e gravación dunha ficción sonora.
- Publicación de audios destinados a “ContamosTodos”.
- Gravación de contos para “Vouche contar un conto”.
- Preparación e gravación de entrevistas a diversas personaxes do ámbito educativo, social e cultural.
- Gravación de recomendacións lectoras.
- Conto viaxeiro co alumnado do IES Salvador de Madariaga.
- Locucións nos recreos ou noutros momentos a través da megafonía.

Contos: recollida de contos, narracións, poesías... elaboradas polo alumnado e organización nun libro (carpeta de fundas) que estaría na biblioteca.

Recomendacións de lecturas, recomendacións de libros en diversos formatos (audio, vídeo, texto...).

VenreXperimentos: nos recreos e horas de ler de tres dos venres de mes desenvolveranse na BiblioLab experimentos de índole variada e adaptada a diferentes grupos de EP.

Puntuais

Visitas: recibiremos, como cada curso, a visita de escritores, ilustradores, contacontos... que apoien o desenvolvemento do itinerario de lectura e o desenvolvemento do currículo. Neste caso poderanse realizar de xeito virtual ou cun so grupo e retransmitindo a sesión ás demais aulas.

Conmemoracións e efemérides: ao longo do curso realizaremos diversas actividades para conmemorar datas significativas e que serán decididas nas primeiras reunións do equipo no próximo curso.

Exposicións: realizaremos exposicións temporais nos expositores, tanto internos como externos, da biblioteca para dar a coñecer novidades ou obras de temáticas de actualidade. As exposicións non terán unha duración superior a dúas semanas.

Guías de lectura: elaboraranse como mínimo dúas guías de lectura dixitais e que se publicarán nos medios de difusión da biblioteca no mes de decembro e no mes de xuño. Durante o curso poderanse seleccionar e deseñar outras guías temáticas.

A amizade nun libro: Continuarase con esta actividade de apadriñamento lector nunha ocasión en cada trimestre, no que o alumnado leralle un libro a outro de menor idade (24 de outubro, 21 de marzo e 24 de maio).

Obradoiros de poesía: desenvolvemento de obradoiros para achegarse á poesía impartidos por expertos no tema e dirixidos aos tres grupos de 6º de Educación Primaria.

Obradoiros inclusivos: desenvolvemento de obradoiros durante o horario escolar no que se dea visibilidade e se lle dea protagonismo ao alumnado con NEAE do centro. Tratar de desenvolver algunha actividade con animais na biblioteca dirixida a alumnado ao que lle poida resultar beneficioso. estas actividades estarán consensuadas e apoiadas polo DO.

5.5. Desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (PLC) (a modificar este curso polo Plan de Lectura)

A través do **Plan Anual de Lectura** (PAL) desenvolverase o PLC aprobado polo claustro no curso 2008 e que terá que converterse, logo do proceso establecido previamente e tal e como establecen as Ordes que desenvolven os Decretos que regulan os currículos de EI e EP, no **Plan de Lectura**.

Organizaranse e participaranse nas diferentes actividades de fomento da lectura e escritura que se organicen durante o curso. Neste curso procederase á renovación do PLC e converterase no Plan de Lectura trala súa aprobación en claustro.

5.6. Apoio a outros proxectos do centro

O CEIP Emilia Pardo Bazán participa en numerosos proxectos, tanto a nivel de aula como aqueles coa participación dun equipo multidisciplinar. O equipo biblioteca comprométese a prestar axuda para o desenvolvemento destes, procurando e seleccionando recursos, compartindo espazos, entre outros.

Mencionamos algúns nos que está inmerso o centro como son o de **Teatro e Horto**, entre outros que puidesen xurdir.

5.7. Difusión dos recursos

A nivel interno trataremos de manter ao claustro informado nas reunións mensuais que se manteñan e que xa foron explicadas en anteriores puntos.

Cara ao exterior, a difusión das actividades e recursos será principalmente a través do blog da BE (<https://bibliotecaepb.blogspot.com/>) e a través da páxina web do colexio. Utilizaremos unha aplicación de mensaxaría de **Abalar Móbil** e a canle **Telegram** que usa o centro para o envío de notas informativas. Estes medios serán usados sobre todo para poñer en coñecemento de toda a comunidade educativa o funcionamento e novas actividades que se vaian a desenvolver.

Na **web** permanecerá o acceso ao catálogo en liña, ademais de incluír unha sección para novas. No **blog** centralizaremos o acceso ao catálogo, a información semanal de actividades, concursos, novidades, recursos..., o repositorio, acceso a medios de comunicación, editoriais... Utilizaremos unha canle de **Vimeo** para publicar as obras audiovisuais que se produzan desde a biblioteca, ademais estudaremos o uso doutras utilidades e aplicacións para publicar documentos, informes...

Queremos acadar o concepto dunha biblioteca expandida, que estea aberta ao exterior, na que se establezan vínculos con persoas, centros e BE doutros lugares, por este motivo tamén temos presenza en redes sociais como **X** e **Instagram**.

5.8. Colaboración con outras bibliotecas

Estableceremos ligazóns con outras bibliotecas escolares como a do IES Salvador de Madariaga, tentando organizar visitas para que o alumnado coñeza o seu funcionamento. Consideramos, como un desexo, programar algunha actividade conxunta que involucre a alumnado de ambos centros (como nos clubs de lectura), aínda que estes aspectos definiranse ao longo do curso escolar.

Tamén barallamos a posibilidade de facer intercambio de experiencias a través de videoconferencias con outras BE de Galicia ou doutros puntos xeográficos.

A BM de "Los Rosales" é punto de encontro do noso alumnado e profesorado, por iso consideramos que debemos informar das distintas actuacións que poñamos en marcha. Programaremos visitas nas que se desenvolverán diversas actividades e continuaremos utilizando o servizo de préstamo para ter acceso aos seus fondos. Están previstas

colaboracións continuas no desenvolvemento dos clubs de lectura e tamén nas producións na radio.

5.9. *Implicación das familias*

Anteriormente presentamos iniciativas coas que queremos que aquelas familias que o desexen teñan presenza no desenvolvemento do programa da BE. Actividades como as **mochilas viaxeiras, club de lectura, conta contos, relatorios, experiencias...** necesitarán, se queremos continuar e avanzar nelas, da implicación das familias.

Potenciaremos e dotaremos de fondos bibliográficos a sección de adultos con obras relacionadas coa educación e a convivencia familiar, quedando aberta a posibilidade de crear un carné para as familias.

Estaremos abertos ás súas suxestións que, ademais de realizalas a través das canles formais, como serán o Consello Escolar e a Comisión de biblioteca, tamén poderán efectualas nas caixas de suxestións das dúas seccións e no espazo adicado no blog. Espazos para remitirnos as dúbidas, propostas de mellora ou valoracións.

Presentaremos a oportunidade aos pais e nais que desexen da formación de **grupo de apoio á biblioteca**, podendo desenvolver actividades dentro desta, como poden ser clubs de lectura para adultos, obradoiros...

Continuaremos, na medida do posible, coas actividades de **“Biblioteca e familia”** en horario extraescolar para que adultos e nenos/as compartan actividades de fomento da lectura, a escritura e a creatividade.

Propoñemos a posibilidade de crear as Mochilas Familia, con fondos para adultos sobre diversas temáticas e que poderán ser solicitadas para ter na casa por un período de 1 mes. Ao final de curso enviaremos ás familias un cuestionario no que se valorarán diversas cuestións relativas ao funcionamento da BE, na que tamén terán espazo para facer propostas ou as observacións que consideren necesarias.

5.10. *Outros*

Neste apartado incluímos algunhas das actividades que pretendemos desenvolver na **biblioLab**.

Obradoiros creativos: desenvolvemento de obradoiros nas tardes nos que se realicen experimentos ou experiencias relacionadas co ámbito científico, neste caso estarían realizadas en colaboración coas familias.

Sesións da sección de robótica en horario escolar nos grupos de 4º e 5º de EP. Na biblioLab e cos recursos da biblioteca desenvolveremos diversas actividades de Pensamento computacional, robótica e programación.

Programación. Desenvolvemento da programación como unha nova linguaxe de comunicación a través de actividades na BiblioLab.

Deseño 3D: obradoiros de introdución e aprendizaxe no deseño 3D para cursos de Educación Primaria.

6. Horario previsto de atención específica

DOCENTE	FUNCIÓN	HORARIO PREVISTO
Diego A. López Rodríguez	Coordinador	6 sesións
Mª Aurora Candal Miranda	Equipo de apoio	1 sesión
María Ces Couto	Equipo de apoio	1 sesión
Salvador Espiñeira Riveiros	Equipo de apoio	2 sesións
Rosa Mª Fernández Sánchez	Equipo de apoio	1 sesións
Mª José Fernández Santiso	Equipo de apoio	
Mª Victoria Mantiñán Canzobre	Equipo de apoio	
Andrea Puñal Castro	Equipo de apoio	2 sesións
Hilda Ramos Vázquez	Equipo de apoio	1 sesión
María Josefa Rodríguez Leiro	Equipo de apoio	1 sesión
Mª Montserrat Rodríguez Martínez	Equipo de apoio	

(as sesións teñen unha duración de 50').

A causa dos recortes de profesorado en EI non dispoñen de horario debido a necesidades do centro, así como a orientadora do colexio.

7. Criterios e procedementos de avaliación

Utilizaranse os seguintes indicadores para analizar e avaliar os obxectivos de cara ao próximo curso. Os instrumentos que se utilizarán para comprobar o grado de cumprimento serán a análise do plan de traballo, as estatísticas do programa de catalogación, as

suxestións recibidas, os cuestionarios de final de curso ao alumnado, profesorado e familias, a valoración final que realice o equipo de apoio tanto o composto polo profesorado como o do alumnado.

1. Formar dun xeito básico aos usuarios/as: coñecer as novas normas da biblioteca biblioteca e os recursos dispoñibles.

1.1. *Calendario de visitas e sesións de formación das aulas.*

1.2. *Calendario de formación de todo o profesorado.*

1.3. *Actualización da guía da biblioteca para profesorado.*

1.4. *Entrega a todo o profesora Guía de biblioteca.*

1.5. *Realización de recursos (xogos, presentacións...) para a formación dos usuarios.*

1.6. *Realización de actividades (concursos, xogos...) para o coñecemento dos documentos, procura de fondos...*

1.7. *Publicación de Guía de usuario no blog da biblioteca.*

2. Apoiar programas do centro e proxectos de aula e áreas.

2.1. *Recompilación e exposición de recursos relacionados cos centros de interese das aulas e dos proxectos nos que está inmerso o centro.*

2.2. *Actualización do catálogo de recursos dixitais útiles para currículo.*

2.3. *Asesoramento aos docentes sobre os recursos dispoñibles na BE.*

2.4. *Reunións periódicas cos distintos ciclos e equipos para recoller as necesidades detectadas.*

3. Favorecer e promover actuacións de inclusión e de atención á diversidade.

3.1. *Adquisición de materiais e recursos que favorezan a diversificación curricular.*

3.2. *Organización de polo menos dúas actividades que favorezan a inclusión de alumnado con NEAE.*

3.3. *Identificar os libros de lectura fácil e achegalos ás aulas.*

3.4. *Manter organizados os libros relacionados coa diversidade.*

3.5. *Elaboración de materiais por parte do alumnado e do profesorado de materiais adaptados á diversidade.*

4. Realizar actividades de investigación e procura de información.

4.1. *Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.*

4.2. *Obradoiros para o desenvolvemento do PDI.*

4.3. *Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.*

4.4. *Actividades para ensinar ao alumnado a realizar citas bibliográficas de xeito ético.*

4.5. *Actividades para a alfabetización múltiple: lectura de imaxes, películas, hipertexto...*

4.6. *Desenvolvemento de sección na radio que implique a investigación e a procura de información.*

5. Realizar actividades de fomento da lectura.

5.1. *Continuidade do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida.*

5.2. *Desenvolvemento de polo menos 6 actividades de lectura por parte do alumnado, preferentemente os voluntarios/as, a nenos/as doutras idades.*

5.3. *Desenvolvemento de lecturas ou recomendacións en formato podcast ou vídeo.*

5.4. *Organización de visitas ou vídeos de autores/s, ilustradores/as, contacontos e outros profesionais relacionados coa lectura da imaxe.*

5.5. *Visitas e exposición de fondos doutras bibliotecas, aínda que sexa de xeito virtual.*

5.6. *Organización de actividades relacionadas con efemérides e conmemoracións: día da biblioteca, día da paz...*

5.7. *Elaboración de guías de lectura como mínimo en decembro e xuño.*

6. Desenvolver e promover as seccións documentais de aula.

6.1. *Revisión, expurgación e catalogación dos fondos das seccións de aula.*

6.2. *Reelaboración das seccións de aula adaptándoas ás idades do alumnado.*

6.3. *Equilibrio dos fondos das seccións de aula de ficción e información.*

6.4. *Catalogación en KOHA dos fondos das bibliotecas de aula de EP.*

7. Elaborar e desenvolver o Plan de Lectura Anual.

7.1. *Elaboración do PAL seguindo o actual PLC (a renovar este curso polo Plan de Lectura).*

7.2. *Elaboración e entrega trimestral de fondos recomendados para as bibliotecas de aula.*

8. Adequar o equipamentos ás necesidades do centro.

8.1. *Dotación por parte do centro dun orzamento entre o 5-10% do xeral.*

8.2. *Adhesión a programas e proxectos doutras entidades que poidan favorecer o desenvolvemento do proxecto da BE.*

8.3. *Instalación dos recursos de luz negra na biblioLab*

8.4. *Instalación de equipamento para a gravación audiovisual con Chroma.*

9. Tarefas técnico-organizativas para o mantemento da colección e servizos.

9.1. *Continuidade dos servizos de préstamo, lectura e consulta en sala.*

9.2. *Creación dun servizo de orientación bibliográfica.*

9.3. *Revisión do servizo de recollida de suxestións física e dixital.*

9.4. *Creación dun equipo de alumnado colaborador de biblioteca.*

9.5. *Dinamización do blog para difundir novidades, novas, actividades e servizos da B.E. (polo menos 1 entrada semanal)*

9.6. *Continuidade no uso do programa KOHA.*

9.7. *Centralización dos fondos no programa de xestión.*

9.8. *Revisión dos criterios de adquisición e expurgación.*

9.9. *Tarefas de organización e mantemento dos fondos (reparación)*

9.10. *Continuación do servizo de reserva de libros.*

10. Xestionar e implicar ao profesorado na xestión da biblioteca.

10.1. *Distribución das funcións dentro do equipo.*

10.2. *Traslado de información periódica ao claustro sobre a BE.*

11. Promover e difundir os servizos da biblioteca.

- 11.1. *Traslado de información periódica ao claustro sobre a BE,*
- 11.2. *Revisión e actualización da Guía da biblioteca.*
- 11.3. *Presenza de novas da biblioteca na web do centro.*
- 11.4. *Presenza en RRSS das novas da biblioteca.*

12. Xestionar os fondos documentais.

- 12.1. *Identificación das necesidades do alumnado, profesorado e familias.*
- 12.2. *Revisión dos criterios para a selección e expurgación de fondos.*

13. Colaborar coa B.M. de Los Rosales.

- 13.1. *Organización de visitas á BM. de Los Rosales, polo menos 1 visita á biblioteca e 1 das bibliotecarias ao centro.*
- 13.2. *Continuación do préstamo interbibliotecario coa BM.*
- 13.3. *Colaboración en actividades puntuais e continuas.*

14. Colaborar coa biblioteca escolar do IES Salvador de Madariaga.

- 14.1. *Visita á B.E. do IES Salvador de Madariaga, polo menos un intercambio ao longo do curso.*
- 14.2. *Préstamo interbibliotecario.*
- 14.3. *Desenvolvemento de polo menos unha actividade en colaboración entre ambas bibliotecas para o programa de radio.*

15. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento dos servizos da BE.

- 15.1. *Organización de actividades coa colaboración das familias ou dirixidas a elas.*
- 15.2. *Posta en marcha das Mochilas viaxeiras.*
- 15.3. *Dinamización da sección para nais e pais.*
- 15.4. *Organización de actividades en colaboración con Asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.*
- 15.5. *Realización de actividades en colaboración con editoriais.*
- 15.6. *Emisión de podcast realizado polas familias.*

16. Potenciar a través de actividades a apertura en horario extraescolar.

- 16.1. *Desenvolvemento de polo menos dúas actividades abertas ao alumnado, familias e profesorado en horario extraescolar.*
17. Potenciar a presenza da BE na web do centro.
 - 17.1. *Dinamización da sección de información sobre as actividades da BE.*
18. Dinamizar o blog da biblioteca.
 - 18.1. *Aumentar as seccións e recursos dispoñibles neste espazo web.*
 - 18.2. *Actualización, como mínimo semanalmente, deste espazo.*
19. Continuar coa presenza da biblioteca en redes sociais: Twitter e Instagram.
 - 19.1. *Xestión das contas de Instagram e X.*
 - 19.2. *Publicación polo menos dunha nova semanal.*
 - 19.3. *Difusión da información da biblioteca a través das canles Abalar móbil e Telegram.*
20. Continuar coa presenza da BE nos documentos do centro (PE, PXA, Memoria...).
 - 20.1. *Presenza dun apartado da BE nestes documentos.*
 - 20.2. *Elaboración e difusión do Plan de traballo do equipo de BE.*
 - 20.3. *Elaboración e difusión da memoria por parte do equipo de BE.*
 - 20.4. *Coordinación da reelaboración do Plan de Lectura e Plan Anual de Lectura.*
21. Formar e informar ao profesorado no uso da B.E.
 - 21.1. *Sesións de formación de usuario ao comezo do curso para o profesorado do centro.*
 - 21.2. *Elaboración e difusión dunha Guía de Biblioteca para o profesorado do centro.*
 - 21.3. *Traslado de información periódica no claustro e na CCP sobre a BE.*
22. Formar aos integrantes do equipo de biblioteca no ámbito das bibliotecas escolares.
 - 22.1. *Participación nun seminario ou GT sobre Bibliotecas escolares para afondar no uso e creación de recursos audiovisuais.*
23. Avaliar o funcionamento e cumprimento do plan de traballo da B.E.
 - 23.1. *Elaboración, distribución e recollida de cuestionarios para o profesorado, alumnado e familias para avaliar o funcionamento da B.E.*
 - 23.2. *Elaboración, distribución, análise e difusión de cuestionarios de valoración do desenvolvemento do PDI.*
 - 23.3. *Recollida e análise das estatísticas proporcionadas polo programa de xestión KOHA.*
 - 23.4. *Avaliación dos criterios a través dos indicadores do plan de traballo.*

5.4. Comisión TIC

5.4.1 Obxectivos

- Continuar co traballo do Proxecto ABALAR para favorecer o funcionamento do Eva E-dixgal.
- Proporcionar formación ao profesorado da Comisión TIC e calquera outro que o solicite para empregar as TIC como medio de intercambio de experiencias e de información entre a comunidade educativa.
- Revisar a autorización de imaxes do alumnado para fomentar o uso axeitado.
- Continuar co emprego do software libre *Drupal* para administrar e deseñar a web do centro e do xestor de imaxes *Coppermine* para albergar fotografías en álbumes.
- Dinamizar a publicación de contidos de actualidade relacionados coa vida escolar do noso centro na páxina web e nos diversos blogues de aula e especialidades baixo a supervisión do equipo directivo.
- Promover o emprego por parte do profesorado das ferramentas *Google Drive* e a *plataforma Office 365* para o envío e almacenamento de arquivos así como o acceso a recursos.
- Coordinarnos co Equipo de Biblioteca para traballar de forma conxunta poñendo á súa disposición os nosos recursos, tanto humanos como materiais.
- Continuar coa subscrición á conta de almacenamento online de arquivos de vídeo (Vimeo) para enlazar na web do centro e nos diferentes blogues.
- Proporcionar información a toda a Comunidade Educativa referente á posta en marcha da aplicación *AbalarMóbil*, como canle de comunicación entre os ámbitos familiar e escolar.
- Afianzar e ampliar os coñecementos adquiridos en relación ó traballo coa Aula Virtual.

-Fomentar o emprego da Aula Virtual por parte do alumnado, sobre todo nos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria, como preparación para o manexo de Edixgal no terceiro ciclo de Educación Primaria.

-Deseñar unha *Guía TIC* para familiarizar ós novos usuarios cos recursos TIC cos que conta o centro e coas normas básicas de uso dos mesmos (portátiles, pizarras dixitais e proxectores, etc).

-Revisar e dinamizar o Plan Dixital de centro seguindo as directrices establecidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

5.4.2 Membros da Comisión TIC

Eva Carneiro (Educación Infantil)

Ana Campos (Educación Infantil)

Soraya Salgado (1º ciclo de Educación Primaria)

Yolanda Amor (2º ciclo de Educación Primaria- Coordinadora)

Raquel López (3º ciclo de Educación Primaria)

Carlos Couceiro (3º ciclo de Educación Primaria)

5.4.3 Concrección do Plan Dixital para o presente curso.

A implementación do Plan Dixital precisa dende o noso punto de vista dun enfoque continuo e evolutivo. Por iso é necesario cada ano a detección de necesidades, debilidades e problemas que fagan necesaria a programación de accións concretas dentro do noso centro. O deseño e a implementación do Plan Dixital representa un desafío para toda a comunidade educativa pola súa novidade e polos aspectos xerais que abarca fundamentalmente o impacto que a integración das TIC ten na aprendizaxe do alumnado.

Varios factores condicionan o desenvolvemento do Plan Dixital en cada curso escolar entre eles destacar a infraestrutura tecnolóxica dispoñible no centro en cada momento, a formación e capacitación dos docentes, a disponibilidad de recursos dixitais axeitados e as metodoloxías de ensino aprendizaxe que se empregan.

Para este curso 2023/2024 o Plan Dixital recuperará algún obxectivo “acadado parcialmente” ou “pendente” de realizar durante o pasado curso e inclúe algún, froito da análise de necesidades citada anteriormente. Así os obxectivos quedarán formulados do seguinte xeito:

- Elaborar un banco de recursos educativos na aula virtual para consulta e utilización de todo o claustro.
- Promover o uso sa aula virtual por parte do profesorado
- Actualizar e manter eficientemente a páxina web do centro.
- Continuar coa mellora da asistencia técnica do equipamento TIC do centro.
- Continuar coa mellora do equipamento TIC do centro.
- Organizar didacticamente un espazo de polos creativos para o fomento da creatividade e a formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial.
- Dotar ao alumnado de 4º de E. Primaria de habilidades e destrezas de manexo da aula virtual como preparación para o proxecto Edixgal.

O Plan Dixital 2023/2024 do noso centro estará visible a través da plataforma EduCalidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidades. Alí poderán consultarse as diferentes accións propostas para acadar os diferentes obxectivos así como os indicadores específicos que axudarán a determinar se os obxectivos propostos foron acadados –no momento da avaliación final- e se é necesario realizar variacións no deseño das accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

5.5. Horto Escolar

COMPOÑENTES

Mar Santiago Arca (E.Infantil)

M^a del Pilar Pérez Álvarez (E.Infantil)

Antía de la Fuente Cenamor (E. Infantil-Coordinadora)

Paula Martínez Soto (1º Ciclo E.P.)

Jose Manuel Robles Sobrino (3º Ciclo E.P.)

Ana Fernández (2º Ciclo E.P.)

Segundo a Organización das Nacións unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) , os hortos son unha plataforma de aprendizaxe moi útil para mellorar a educación e a nutrición infantil, axudando, do mesmo xeito, á conservación do medio ambiente e o benestar social, físico e mental de toda a comunidade. Polo que o noso horto, non é so un espazo no que se cultivan froitas, verduras e hortalizas, flores ou plantas aromáticas, senón un recurso , xunto co entorno para coñecer, coidar, respectar e desfrutar de toda a súa biodiversidade.

Para o bo funcionamento do horto é preciso que o alumnado aprenda e experimente da influencia da climatoloxía na agricultura, tendo en conta as temperaturas, precipitacións, proximidade ao mar, fortes ventos, pragas.... Continuaremos aprendendo e probando as especies que mellor se adapten ao noso medio.

As actividades levadas a cabo , sitúanse dentro da filosofía que mantén o Centro con respecto á Educación Medioambiental que se poden resumir nas seguintes premisas:

- Ferramenta para participación activa do alumnado, mellorando o clima escolar.
- Emprego da contorna escolar como recurso educativo.
- A construción de aprendizaxes significativas con actividades eminentemente prácticas.
- Dotarse de medios permanentes que permitan actividades estables e duradeiras: horto escolar con cultivo exterior e dentro do invernadoiro, labirinto vexetal, plantacións e xardín.

OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** deste proxecto segue a consistir en acercar, sensibilizar , desfrutar , formar e aprender da natureza a través da súa observación, coidado e mantemento, sendo imprescindible a participación activa do noso alumnado. Desenvolvendo neles conciencia ecolóxica .

Os **obxectivos específicos** serán:

- Descubrir o ecosistema existente no noso patio (relacionado estritamente co PDI de Centro)
- Fomentar a agricultura ecolóxica e os procesos de reciclaxe.
- Investigar, formar e concienciar das consecuencias dos residuos plásticos na nosa horta (mantemento , colleita,...) así como no entorno máis próximo .
- Protexer a biodiversidade existente no noso contorno (seguimos con comedeiros e niños para paxaros, así como cos hoteles de insectos).
- Facilitar o emprego da horta nos tempos de lecer
- Rotular árbores, arbustos e cultivos xa existentes e novos.
- Continuar participando no proxecto ambiental “ El jardín de Juanita”, co obxectivo de axardinar espazos da escola.
- Dialogar filosoficamente en el “Jardín de Juanita”, fundamentándose no currículo escolar de Filosofía para nenos/as (FpN).
- Crear accións ecolóxicas sobre “El jardín de Juanita”, argumentadas nun pensamento crítico, creativo e ético.
- Participar e implicar ao alumnado nas festas e conmemoracións relacionadas coa natureza e o seu coidado (Maíos, día mundial medio ambiente,...).
- Ampliar e diversificar a zona de cultivo ecolóxico ; planificando a plantación , coidado e recolección según tempada.
- Incrementar o número de aprendizaxes baseados en servizos e cun produto final (mellora do contorno, receitas cos nosos produtos da horta para festas,).
- Rematar co acondicionamento da Aula da natureza e comezar coa súa dinamización.
- Implicar e facilitar a participación neste proxecto de toda a comunidade educativa, ademais de colaborar con aquelas asociacións, entidades ou empresas que nos axuden a acadar estes obxectivos (museos científicos, SOGAMA, granxas escola, ...)
- Contribuir ao desenvolvemento da axenda 2030.

5.6 Teatro Escolar

1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO:

- Durante este curso os integrantes deste grupo de traballo serán:
- D. Pedro de Uña Álvarez (Especialista de E. Musical)
- Dna. Manuela Labandeira Vázquez (Mestra de 4º de E.P.)
- Dna. María José Lago Petisco (Especialista de Relixión católica)
- Dna. M^a Eugenia Suárez González-Vallés (Mestra de E.I.)
- Dna. Paloma Fraga Couceiro (Especialista de P.T.)
- Dna. Diana Martínez Morán (Especialista de P.T.)
- Dna. María Boado Valiño (Especialista de A.L.)

Acórdase nomear coordinadora deste equipo a Dna. María Boado Valiño.

2. OBXECTIVOS:

Partindo da nosa experiencia de cursos anteriores, decidimos dar continuidade, aos obxectivos que guiaron o noso traballo desde a posta en marcha deste proxecto :

1. Fomentar o achegamento de toda a comunidade educativa a diferentes expresións artísticas (canto, danza, literatura, ...)
2. Promover a integración de alumnado con moi diferentes intereses e habilidades, nun proxecto común.
3. Colaborar no desenvolvemento de diferentes aspectos intelectuais e sociais do noso alumnado: empatía, compromiso, responsabilidade, respecto ás diferenzas, control da impulsividade, atención, memoria, expresión oral, fluidez na expresión en lingua galega, capacidade de traballo en equipo, ...
4. Dar cobertura ás obras de teatro que se organicen no centro:
 - 4.a.- Dar continuidade á organización e xestión do almacén de recursos para teatro.

4.b.- Crear e/ou adquirir diferentes materiais necesarios para a xestión dos recursos e as representacións teatrais (mobiliario, vestiario, atrezzo, maquillaxes...)

4.c.- Colaborar na preparación das diferentes representacións que se organicen durante o curso: cartelería, vestiarios, maquillaxes, atrezzo,...

4.d.- Encargarnos da preparación dunha obra “interaulas” na que se implique o maior número posible de membros da comunidade educativa.

3. PRESENTACIÓN DO NOSO PROXECTO PARA ESTE ANO :

3.1.- A obra “interaulas” prevista para este curso é unha **adaptación da ópera “A fruta máxica”**

3.2.- Acordamos, como outros anos, presentar a solicitude ao concello para poder utilizar as instalacións do Ágora para ir representala. En principio, a nosa intención é pedir unha data de comezos de xuño, en horario de mañá e tarde, coa intención de facer dúas representacións: unha pola mañá, para os compañeiros do colexio; e outra, pola tarde, para as familias e amigos e público en xeral. Este ano, imos intentar que esta actuación da tarde teña un carácter benéfico para colaborar na investigación

3.3.- Un ano máis, imos comezar buscando voluntarios nas aulas de 6º de E.P e aumentar a outros niveis segundo o número de interesados que se presenten nesta primeira convocatoria, que terá lugar na primeira semana do curso.

3.4.- Os ensaios, como en anos anteriores, terán lugar nos recreos. Para esta tarefa os profesores D. Pedro de Uña (E.Musical) e Dna. María Boado (A.L.) adicarán todos os recreos do curso á preparación, probas de vestiario e ensaios da obra.

3.5.- Continuaremos contando coa axuda de D. Xulio Gallego e Dna. Marta Corredoira, para a preparación dos decorados.

- 3.6.- Neste momento, está aínda pendente a posibilidade de colaboración con algún grupo de alumnos doutro centro de cara a realizar unha actuación conxunta.
- 3.7.- En cumprimento co acordado a finais do curso pasado, imos intentar organizar unha representación benéfica para colaborar, de xeito completamente altruista, coa asociación ASOTRAME (Asociación Galega de Afectados por Trasplantes Medulares e Enfermidades Oncohematolóxicas). O noso principal obxectivo con esta iniciativa é desenvolver no noso alumnado os valores de compromiso solidario e esforzo desinteresado por unha boa causa.

6.- Plan Anual de Lectura (VER ANEXO I)

7.- Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do CEIP Emilia Pardo Bazán está composto neste curso 2023-2024 por unha Orientadora que desempeña a función de Xefa do Departamento, dúas especialistas en Audición e Linguaxe, dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica que atenden ao conxunto do centro e outra especialista en Pedagogía Terapéutica que é responsable da Aula Específica de Educación Especial do centro. Ademais, o centro conta con 4 auxiliares técnicos educativos que exercen o rol de coidadoras co alumnado con necesidades educativas especiais.

A pesares de ter un bo número de profesionais no D.O., debido ás necesidades que presenta o alumnado do centro non é doado atender todas as demandas, e moitas quedan pospostas.

O Departamento de Orientación terá como labor fundamental potenciar a acción tutorial e de orientación. Os obxectivos propostos terán como base: a **convivencia** e o **respeto** no ámbito escolar, bases da INCLUSIÓN; a **tolerancia** que fai posible a aceptación dos dereitos que todos/as temos; e a **axuda** que favoreza a integración e o desenvolvemento individual e social de cada individuo.

OBXECTIVOS XERAIS

- Asesorar e intentar ofrecer recursos á comunidade educativa, para que nos distintos documentos e actuacións do centro se contemple a atención á diversidade, favorecendo o desenvolvemento de actitudes positivas.
- Promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Estimular a competencia persoal e social do alumnado
- Fomentar, desenvolver e afondar na acción tutorial do profesorado, familia e alumnado, proporcionando asesoramento e axuda.
- Asesorar nas decisións relativas á avaliación do alumnado, en particular no tocante á promoción de curso e de Etapa.
- Contribuír a fomentar as relacións positivas coa comunidade (pais/nais, servizos externos, entidades privadas...).

- Continuar a ampliación e organización do D.O. dende o punto de vista material (Cuestionarios, tests, material escolar e de reforzo, bibliografía específica, ...)
- Asesorar e proporcionar recursos para a xestión emocional da comunidade educativa cando sexa necesario.

Obxectivos referidos ao Centro:

- Continuar coa actualización e ou aprobación dos documentos do D.O que o precisen: Plan de Atención á diversidade, etc...
- Continuar coa revisión e actualización dos diferentes protocolos do departamento
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa e cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA,..) favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación dos equipos docentes de nivel, entre os titores no cambio de nivel e no paso de EI a EP; así mesmo, no paso de EP a Secundaria.
- Fomentar a cooperación Centro-familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Asesorar en temas relacionados coa avaliación e promoción do alumnado.

Obxectivos referidos ao alumnado:

- Realizar avaliacións e Informe Psicopedagóxico ao alumnado obxecto de Reforzo e/ou ACS con necesidades específicas de apoio educativo.
- Facer un seguimento dos alumnos/as con Informe Psicopedagóxico e actualizar os mesmos, cando proceda.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares.
- Coordinar a atención ás NEAE cos profesores de PT, AL, cos equipos docentes e Xefa de Estudos.
- Fomentar o respecto, á non violencia, o diálogo e os acordos consensuados.
- Proporcionar canles de participación do alumnado para facer propostas que redunden nunha maior implicación e responsabilidade dos nenos e nenas na vida do centro.
- Incidir na detección temperá das necesidades do alumnado, deseñando e promovendo accións dirixidas á prevención de dificultades do desenvolvemento e da aprendizaxe do alumnado, (con prioridade nos inicios da educación primaria- 1º-2º

curso e E.I.).

- Participar nas sesións de avaliación do alumnado en xeral e en particular dos de NEAE, incidindo na adecuación da realización da avaliación.
- Elaborar Informes de Final de Etapa de Primaria para alumnos/as con NEAE
- Establecer criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Colaborar no traballo relacionado co absentismo escolar do alumnado reincidente.

Obxectivos referidos ao profesorado:

- Coordinar a actuación dos profesores titores, profesorado de apoio e orientadora, de cara a dar respostas ás necesidades do alumnado con NEAE.
- Asesorar ao profesorado en aspectos preventivos, de recuperación e desenvolvemento dos alumnos/as.
- Informar sobre temas que inciden e/ou condicionan o desenvolvemento e aprendizaxe (TEA, Asperger, TEL, TDAH, Dislexia, problemas de comportamento, Altas Capacidades...). Propostas de actuación e de adaptación.
- Proporcionar información, actividades e alternativas dirixidas á xestión de emocións e “frustración”.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre medios materiais, didácticos e metodolóxicos que poidan favorecer o seu labor docente e o proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Colaborar na elaboración, organización e seguimento dos programas de reforzo, recuperación e adaptacións curriculares.

Obxectivos referidos á comunidade :

- 1 Coordinar a intervención do D.O. coas distintas institucións e cos profesionais que traballen na atención aos alumnos/as con NEAE: familias, EOE, Servizos Sociais do Concello, Consellería de Familia, Atención Temperá, médicos, psicólogos, terapeutas...
 - Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos sinalados.
 - Establecer contactos coas familias de forma individual e/ou grupal, a fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.

- Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para orientar aos alumnos/as nos momentos escolares de maior dificultade (entrada na escola, cambio de Etapa e de Nivel).
- Contribuír á boa relación e coordinación co D.O. do IES que recibe ao alumnado do centro, para lograr unha liña de actuación conxunta.

En definitiva, buscar a mellor maneira de colaboración entre todos os profesionais do ámbito escolar, familiar, social e sanitario que inflúen no alumnado do centro para tentar favorecer o desenvolvemento dos nenos e nenas en tódalas tarefas do seu día a día.

PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

O alumnado valorado con necesidade específica de apoio educativo distribúese nos seguintes apartados:

- Alumnado con necesidades educativas especiais: discapacidade (física, psíquica e/ou sensorial), TEA e trastornos graves de conduta.
- Alumnado diagnosticado de trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH).
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia, discalculia, etc.)
- Alumnado de incorporación tardía procedente do estranxeiro.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar desfavorecidas.

Este alumnado precisa dunha atención educativa diferente á ordinaria para desenvolver adecuadamente as súas capacidades.

A intervención educativa estará baseada nos principios de inclusión e normalización. Isto supón a adaptación do centro escolar ás características e necesidades do alumnado; e implica as adaptacións de tipo xeral que favorezan a non discriminación do alumnado e a adopción de medidas ordinarias e de ser necesario extraordinarias.

2. OBXECTIVOS

- Promover a inclusión escolar e social do alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento de autoestima e establecer expectativas axeitadas.

- Detectar/prever dificultades de aprendizaxe e presentar respostas adecuadas.
- Facilitar o axuste das programacións ás necesidades educativas detectadas.
- Informar e promover actividades específicas para alumnado con con AA.CC.
- Contribuír á educación personalizada, axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado.
- Coordinar as respostas educativas e o proceso de avaliación das mesmas.
- Establecer relación fluída de colaboración coas familiar, asesoralas.
- Propiciar relacións positivas co entorno sociocomunitario e actuacións conxuntas.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é tarefa de toda a comunidade educativa, polo que se leva a cabo a través do desenvolvemento de diversas actuacións e **medidas curriculares** : programacións de aula, titoría, Plans de Acción Titorial, de Orientación, de Acollida e Adaptación, medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

A programación de aula axusta a actuación educativa á diversidade do alumnado nos obxectivos (básicos comúns e outros individualizados), contidos (prioridade, organizados), actividades (comúns e diversificadas) e nos criterios e estándares de aprendizaxe.

O desenvolvemento curricular debe basearse na situación de partida do alumnado, de aí a importancia da avaliación inicial. Na adquisición da aprendizaxes valorase o proceso seguido na adquisición de estratexias e no desenvolvemento de competencias.

En xeral, trátase de conectar os novos contidos cos coñecementos previos, avanzar do sinxelo ao complexo, establecer secuencias en espiral que retomen contidos xa abordados... Aprender e aprender a facer facendo, resolvendo. Propoñer actividades con distintos soportes (textos, gráficos, ilustracións...)

Aceptar que os alumnos participen na selección de actividades, graduar a dificultade das tarefas, establecer niveis de realización das mesmas, presentar actividades alternativas ás planificadas para o grupo, fomentar o traballo cooperativo (parellas e pequenos grupos).

A axuda aos alumnos con necesidade específica de atención educativa poderá consistir ademais en: presentarlles o traballo máis estruturado e debidamente secuenciado, reducir a cantidade e/ou o grao de dificultade das tarefas, distribuílo en dúas veces ou concederlles máis tempo, controlarlles de cerca o traballo, gratificalos...Por suposto a avaliación é

continua pero nas probas de avaliación trátase de introducir variedade e á vez adaptalas: oral/escrita, textos/ilustracións, resposta única/alternativas, completar/seleccionar, definir... individual/en grupo... (todo isto de acordo cos Protocolos oficias establecidos).

Medidas organizativas:

- Avanzar na coordinación entre titores e os equipos de nivel.
- Posta en práctica das medidas acordadas no paso de E.I. a E.P. Revisión e valoración.
- Potenciar as xuntas de avaliación como órgano de debate e toma de decisións.
- Iniciar a planificación sistemática de actividades coa anticipación suficiente para favorecer a toma de decisión sobre o modo de participación do alumnado con NEE.
- Cooperar con outros servizos educativo-socio-sanitarios.
- R.E. do profesorado: reforzos puntuais, desnivel curricular non moi significativo, medida ordinaria. Plan de traballo, coordinación coa xefatura de estudos e a xefatura do DO.
- Apoio de especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: alumnado con NEE, NEAE; normalmente con Informe Psicopedagóxico e outros (informe clínico, informe de grao de discapacidade, informe de Servizos Sociais...). O reforzo educativo (R.E.) e o apoio constan no expediente do alumno. A familia é informada a través da titoría, do inicio e remate dos apoios de P.T. e de A.L.

4. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de P.T. e A.L. e de ser o caso doutros profesionais, será realizada pola xefa do D.O. de acordo cos criterios establecidos, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e dos especialistas de P.T. e A.L.

En función dos recursos decídense as medidas a adoptar, tendo en conta:

- Terán atención prioritaria o alumnado con NEE.
- A atención a alumnos con NEAE adaptarase ás súas necesidades, o apoio realizarase individualmente ou en grupos reducidos, dentro ou fóra de aula ordinaria segundo os casos.

- Os apoios non se levarán a cabo en horario de especialistas (E.F., Inglés, ...).
- A familia será informada dos apoios ao inicio e remate dos mesmos, especialmente dos que se realicen fóra da aula ordinaria. A información será a través da titoría.
- Atención prioritaria á adquisición da lectoescritura, ademais dos alumnos con NEE.
- Os apoios dos profesores de P.T. e de A.L, incidirán principalmente sobre as áreas instrumentais: Área de Lingua e área de Matemáticas
- Atención prioritaria ao remate de etapas e paso á seguinte: E.I.-EP-ESO-
Os apoios de especialistas serán priorizados para este curso como segue:

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

- Alumnado diagnóstico con NEE, necesidades derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta (Trastornos Xerais do Desenvolvemento, Trastorno de Espectro Autista, deficiencia cognitiva, deficiencia sensorial acusada, atraso madurativo significativo,..)
- Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia, discalculia, etc...)
- Alumnado con TDAH.
- Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar desfavorecidas.
- Alumnado con dificultades na adquisición da lectoescritura e lóxica-matemática.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.

AUDICIÓN E LINGUAXE:

- Alumnos diagnosticados con deficiencia auditiva significativa cando precisen dun sistema de comunicación alternativo á linguaxe oral.
- Trastornos severos da comunicación: TXD, TEA, etc.
- Trastorno leve da comunicación e atraso de moderado a severo da linguaxe.
- Alteracións na fala: disartria, atraso, dislalia orgánica.
- Trastornos na fala que teñen incidencia na lectoescritura en E.P.
- Alumnado con dificultades significativas na adquisición da lectoescritura.
- Alumnado con dislalias funcionais, prioridade a 1º de E.P. E 6º EI

As situacións imprevistas, serán valoradas e recibirán atención educativa de P.T e/ou A.L.

en función da necesidade e dispoñibilidade de recursos, coma o resto dos alumnos.

Dentro de cada apartado sinalado, para P.T. e para A.L., concederáse prioridade aos alumnos que non superaron os obxectivos das áreas instrumentais (Lingua e Matemáticas), é dicir, repetidores e alumnos con suspensos.

PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA:

Poderán realizar reforzo educativo prioritariamente aos alumnos do seu mesmo nivel. Son susceptibles de recibir ese reforzo: alumnado repetidor, promoción con áreas instrumentais suspensas, alumnado con lentitude no proceso de adquisición da lectoescritura, outras situacións puntuais ou imprevistos.

5. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E EXTERNOS.

Os mecanismos de coordinación e colaboración internos establecidos adaptaranse á lexislación vixente

Os mecanismos de coordinación e colaboración externos, en xeral, serán os mesmos dos cursos pasados.

Están programados contacto e reunións con outras entidades:

. SANITARIAS:

- CHUAC:

Estimulación temperá.

Neurólogos e psicólogos.

- Terapeutas ocupacionais.

Saúde Mental Infantil

Outras entidades sanitarias privadas.

. SOCIAIS:

- Servicios Sociais do concello (Labañou e Os Rosales): Seguimento de alumnos derivados a Apoio Escolar, Taller de Linguaxe, e casos de nenos de familias

desfavorecidas.

- Fundación Secretariado Gitano: seguimento de alumnado deste centro con apoio por parte desta entidade (Programa Promociona).
- UAMI (Unidade de Asesoramento ás Migracións) do Concello de Coruña: derivación e seguimento do alumnado de incorporación tardía procedente do extranxeiro e as súas familias que precisen da axuda e programas ofertados por esta entidade.

. EDUCATIVAS:

- EOE- Solicitud de asesoramento, información e intervención do Equipo de Orientación Específico da Coruña para algúns casos.
- ASPANAES- Colaboración en alumnos con Trastorno de Espectro Autista.
- ASPERGA- Colaboración en alumnos con TEA.
- Asociación Down Galicia- Colabroación en alumnos con Síndrome de Down.
- COCEMFE/COGAMI- Colaboración en alumnos con discapacidades motóricas e outras, oferta de actividades formativas para o profesorado, etc.

6. CANLES DE COLABORACIÓN COA FAMILIA E SERVIZOS EXTERNOS

Toda a información referente ao alumno é información confidencial polo que só é transmitida á familia. Necesitarase o consentimento expreso desta para intercambiar información con entidades sanitarias ou psicoeducativas.

O profesor titor/a é o interlocutor ante a familia e poderá solicitar a asistencia doutros profesores do centro (equipo directivo, departamento de orientación...).

As canles de colaboración serán:

- Reunións presenciais no centro educativo: membros do D.O., mestre-titor e pais
- Circulares informativas
- Informes solicitados ao centro polas familias para colaborar con outros servizos na valoración das necesidades educativas dos alumnos. Así mesmo, informes solicitados por outros organismos a través da familia.

- Contactos telefónicos ou telemáticos con outros servizos externos coa autorización expresa da familia do alumno/a.

7. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento do plan farase nas reunións periódicas do DO. Cada membro do departamento exporá as súas conclusións en relación ás actuacións expostas no Plan, e especialmente no referente á adecuación de programas e recursos á diversidade do alumnado, ao seguimento dos que seguen medidas ordinarias e dos que seguen medidas extraordinarias.

Este Plan será avaliado ao finalizar o curso polo D.O. e elaborárase unha memoria que será redactada pola xefa do departamento. A memoria recollerá as propostas de mellora para o próximo curso que serán incluídas no seguinte Plan de Orientación.

8.- Composición de Unidades

<u>Curso</u>	<u>Grupo</u>	<u>Total</u>
INF 4º	A	16
	B	18
	C	16
INF 5º	A	22
	B	22
INF 6º	A	25
	B	25
EP 1º	A	18
	B	18
	C	18
EP 2º	A	21
	B	21
	C	21
EP 3º	A	23
	B	25
	C	25
EP 4º	A	25
	B	26
	C	25
EP 5º	A	23
	B	21
	C	23
EP 6º	A	24
	B	23
	C	23
	TOTAL	547
	RATIO	21.88

Criterios de distribución

Todo alumno novo que chegue ao centro será asignado ao grupo con menor número de alumnos ou en caso de igualdade nos grupos, asignarase seguindo a orde: A, B, C. tendo en conta as características do grupo e despois de consultar co Departamento de Orientación

9.- Espazos e Uso dos Mesmos

Aulario Infantil

Espazos	Lugar	Uso
9	1º andar	Titoría
1		Relixión/EDI
1		PT
1		AL
1		Sala de profesorado
1		Patio de xogos exterior
1	-1º andar	Comedor
1		Usos múltiples
1		Local ANPA

Educación Primaria

Espazos	Lugar	Uso
1	Planta baixa	Biblioteca
1		Usos Múltiples
1		Zona administrativa
12	1º andar	Titoría
6	2º andar	Titoría
2		Relixión
2		Pedagogía Terapéutica
1		Orientación
1		Informática
1		Multidisciplinar
1		BiblioLab
1		Educación Musical
2	3º andar	Inglés
1		Audición e Linguaxe

Colexio Azul (Extraescolares)

Espazos	Lugar	Uso
1		Patio cuberto
1	Planta baixa	Almacén
2		Aulas
2	1ª Entreplanta	Aulas
1		Aula pequena
3	1ª Planta	Aulas
2		Aulas
	2ª Entreplanta	
2		Aulas pequenas

As aulas son o lugar onde máis tempo pasa o alumnado. É importante que o teñan como o seu lugar de referencia e que sintan por el respecto e apego. Isto implica certa orde, limpeza e preocupación por parte do alumnado e do profesorado. É importante que deixen as aulas limpas, recollidas e coas luces apagadas na última hora.

Biblioteca

Continuaremos coa apertura en recreos e outras actividades durante a xornada lectiva. Mantémola como eixo vertebrador das actividades do centro, lugar de encontro, de lecer, de facer voar a imaxinación e que realmente sexa un lugar especial

Bibliolab

Seguirase completando para que estea sempre adaptado ás necesidades de cada uso.

Corredores

Son espazos de uso compartido e precisan dunhas normas mínimas de convivencia. Os desprazamentos serán preferiblemente andando, polo lado dereito dun mesmo, e nun ton de voz baixo. Agardamos poder usalos como xeito de amosar o traballo feito, ou como zona de exposicións temporais.

Baños

Só está permitido o uso individual dos mesmos.

Patio

- Exterior

Tanto nas entradas, recreos e saídas hai que procurar que se respecte, se manteña limpo e se faga un uso axeitado das súas dependencias.

- Pistas

As pistas son para uso do alumnado nos días sen choiva

Recreos

Uso para todo o alumnado sen restricións, cando hai choiva ou risco de alteración meteorolóxica, permanecerán nas aulas.

10. ANPA

10.1 COMEDOR

Este curso 2023-2024 o comedor escolar funcionará de novo en dúas quendas para comer, na que irán en primeiro turno adiantándose as crianzas de infantil (de 13:45h a 14:30h), e incorporándose o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria (de 14:00h a 14:30h); e en segunda quenda os cursos de 5º e 6º (de 14:45h a 15:15h). As horas son orientativas, posto que estimamos se incorporarán antes e sairán antes tamén, e a rapazada que precise máis tempo, disporá del.

O alumnado que despois vai a actividades xa é trasladado por parte do persoal coidador de comedor ás diferentes actividades.. A organización e administración do Comedor Escolar e de Madrugadores é por conta da ANPA Milnen@s, por concerto coa empresa JARDANAY S.L.

Mantense o cepillado de dentes, que igual que o ano anterior, non vai ser unha medida laxa, senón que en principio vaise ofrecer como obrigatoria, é dicir, todo o alumnado de comedor terá que ir a lavar os dentes despois de comer, tamén por quendas (a non ser que as familias expresen o contrario). Por iso, será preciso que leven un estoxo transparente ben identificado co nome do neno ou nena, cun cepillo e pasta de dentes, que irá cada día na mochila e voltará a casa ao final da xornada, para unha correcta medida de hixiene.

O colexio facilita o funcionamento deste servizo poñendo a súa disposición o comedor sito no edificio/aulario de Educación Infantil. A atención ao alumnado no horario de comedor é por conta da ANPA Milnen@s e da empresa coa que contrata o servizo.

A persoa responsable no centro por parte da empresa JARDANAY é David Baña, tanto para mañanceiros e comedor como para salvagardar as actividades extraescolares.. Dentro do contrato vixente coa empresa Jardanay compre salientar as seguintes aportacións adicionais:

- 6 bolsas de axudas
- Inscripción e baixas en liña

- Festa de fin de curso por conta da empresa para todo o alumnado do colexio, se é posible facela este curso.

Toda a información dos menús, actividades realizadas, prezos e trámites para a inscrición están actualizados no blog do ANPA na seguinte ligazón:
<https://milnenosgalego.blogspot.com>

COMEDOR (datos con data de efectos 01/10/2023)

TOTAL: 262 crianzas inscritas

Por modalidade de asistencia:

Total infantil e primaria:

- Esporádicos: 6
- Fixos: 198
- Dicontínuos ou quenda laboral: 58

Por días os datos de alumnos recóllense no seguinte cadro:

Curso	Luns	Martes	Mercores	Xoves	Venres
EI 4º	27	27	26	28	26
EI 5º	21	21	21	20	19
EI 6º	23	24	22	24	21
P 1º	24	24	23	23	22
P 2º	22	22	20	24	21
P 3º	34	37	36	35	33

P 4º	37	38	32	36	34
P 5º	26	31	30	30	27
P 6º	18	17	16	18	16
TOTAIS	229	241	226	236	219

MAÑANCEIROS

TOTAL: 81 crianzas inscritas

Por modalidade de asistencia:

Total infantil e primaria:

- Esporádicos: 11
- Con desayuno: 40
- Sin desayuno: 30

Por días os datos de alumnos recóllense no seguinte cadro:

Curso	Luns	Martes	Mercores	Xoves	Venres
EI 4º	10	9	10	10	9
EI 5º	5	5	5	5	5
EI 6º	8	8	8	9	9
P 1º	11	11	11	11	11

P 2º	6	6	6	6	6
P 3º	10	12	11	10	12
P 4º	9	9	8	8	9
P 5º	5	5	5	5	5
P 6º	0	0	0	0	0
TOTAIS	64	65	64	64	66

10. 2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

En total ofertáronse a principios de curso 47 edicións de actividades. Dentro da premisa de que a especialización das empresas de actividades revirte nunha maior calidade das mesmas, o número de empresas contratadas para a impartilas foi acorde: 12 provedores diferentes de actividades durante o presente curso. Das 47 edicións todas saíron adiante aciante.

A inscrición nas actividades extraescolares abriuse a mediados do mes de xullo exclusivamente en liña, a través de aplicación da ANPA a tal efecto.

Toda a información das mesmas publicouse de forma oportuna no blog da ANPA, na seguinte ligazón: <https://milnenosgalego.blogspot.com>

O cadro de actividades organizadas para este curso é o seguinte:

PRIMARIA 2023/2024					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00	Pintura 2-6º primaria grupo I	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo II	Pintura 2-6º primaria grupo I	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo II	Pequechef (grupo II)
	Judo infantil e 1ºprimaria grupo I	Judo 2-6º primaria grupo II	Judo infantil e 1ºprimaria grupo I	Judo 2-6º primaria grupo II	loga (infantil e primaria)
	Xadrez	Robótica 4-6ºprimaria	Xadrez	Robótica 1-3ºprimaria	
	Esgrima	Pequechef (grupo I)	Esgrima	skate (4º-6º)	Baloncesto benxamín (3º-4º)
	Fútbol iniciación (1º-2º)	Baloncesto benxamín (3º-4º)	baile gallego (EI e EP)	Fútbol iniciación (1º-2º)	Baloncesto iniciación (1-2º)
	pandeieta, percusión e canto (EP)	Baloncesto iniciación (1-2º)	Jumping Clay (modelaxe arxila) 2º-6ºprimaria	Hockey Primaria	
	Música e movemento (EI e 1º-2ºEP)	Baile moderno infantil e primaria	Duathlon (1-3)	Esgrima	
	Parkour	Esgrima			
		Duathlon (4-6)			
	Judo 2-6º primaria grupo I	Pintura 2-6º primaria	Judo 2-6º primaria grupo I	Pintura 2-6º primaria grupo II	Patinaxe primaria venres
		Judo infantil e 1ºprimaria grupo II		Judo infantil e 1ºprimaria grupo II	Ballet clásico Primaria

	Patinaxe primaria	Ximnasia rítmica primaria	Patinaxe primaria	Ximnasia rítmica primaria	Baloncesto alevín (5°-6°) masculino
	Fútbol alevín (5°-6°)	Baloncesto alevín (5°-6°) masculino	Ballet clásico	Fútbol benxamín (3°-4°)	Baloncesto alevín (5°-6°) feminino
	Fútbol benxamín (3°-4°)	Baloncesto alevín (5°-6°) feminino		Fútbol alevín (5°-6°)	
	Gaita			Skate (1°-3°)	
	Teatro (EI e EP)				

As localizacións das actividades son varias:

- O antigo colexio de Educación Infantil (colexio azul), no cal se usan dúas plantas para a maioría das actividades culturais.
- Patio do colexio de Educación Primaria para Duathlon e Hockey.
- O pavillón dos Rosales para as deportivas.
- O colexio de primaria (aula de informática) para robótica.

A continuación explicáanse en detalle as mesmas no referente ao lugar de realización e á empresa que presta o servizo:

Actividade	Empresa/autónomo	Ubicación
Baile galego	Escolas da Terra	Aula colexio azul
Baile moderno infantil e primaria	Jumping kids	Aula colexio azul
Baloncesto	Club Deportivo Los Rosales	Pavillón Os Rosales
Duathlon	Club Hércules Termaria	Patio cuberto colexio
Esgrima histórica	Academia de la Espada	Ximnasio Pavillón Os Rosales/ Colexio Azul

Fútbol	Club Deportivo Los Rosales	Pavillón Os Rosales
Gaita	Escolas da Terra	Aula colexio azul
Ioga	Jumping Kids	Aula colexio azul
Judo	Club Deportivo Daigoro	Aula colexio azul
Jumping Clay/ pintura	Jumping Kids	Aula colexio azul
Música e movemento	Escolas da Terra	Aula colexio azul
Pandeireta, percusión e canto	Escolas da Terra	Aula colexio azul
Patinaxe/ Hockey	Alquimia	Patio cuberto colexio azul/ Pista cuberta colexio
Patinaxe venres	Alquimia	Patio cuberto colexio azul
Pequechef	Jumping Kids	Aula colexio azul
Parkour	Asociación Valencia Movement	Aula colexio azul
Predeporte	Club Deportivo Los Rosales	Pavillón Os Rosales
Robótica	Arkitas Robótica	Aula informática colexio primaria
Skate	Maroña Indoor	Patio cuberto colexio azul
Teatro	Escolas da Terra	Aula colexio azul
Xadrez	Asociación Galega de Axedrecistas	Aula colexio azul
Ximnasia rítmica/ Ballet	Pablo Silva Opazo	Ximnasio Pavillón Os Rosales

A división por tipoloxía de actividade sería a seguinte:

Creatividade

- Teatro
- Pequechef
- Pintura
- Robótica
- Xadrez

Deportivas

- Baloncesto
- Fútbol
- Judo
- Patinaxe
- Skate
- Duathlon
- Parkour
- Hockey

Mixtas

- Esgrima histórica
- Ximnasia rítmica
- Ballet

O número de participantes por actividade a principios de curso é o seguinte (Datos a 1/10/2023):

Actividade	Inscripcións
Baile galego	16
Baile moderno infantil e primaria	27
Baloncesto alevín	41
Baloncesto benxamín	23
Baloncesto iniciación	15
Duathlon 1-3 primaria	5
Duathlon 4-6 primaria	6
Esgrima histórica L/M	19
Esgrima histórica M/X	10
Fútbol alevín	11

Fútbol benxamín	19
Fútbol iniciación	12
Gaita	2
loga infantil e primaria	15
Judo infantil e 1 primaria grupo I	18
Judo infantil e 1 primaria grupo II	14
Judo 2 a 6 primaria grupo I	17
Judo 2 a 6 primaria grupo II	37
Jumping Clay 2-6 primaria	16
Música e movemento	8
Pandeireta, percusión e canto	15
Patinaxe infantil 2 días	5
Patinaxe infantil venres	10
Patinaxe primaria 2 días	14
Patinaxe primaria venres	10
Pequechef martes	11
Pequechef venres	24
Pintura 2 a 6 primaria grupo I	13
Pintura 2 a 6 primaria grupo II	7
Pintura infantil e 1 primaria grupo II	6
Predeporte	20
Robótica cursos 1 a 3 primaria	11
Robótica cursos 4 a 6 primaria	9
Skate 1-3 primaria	5
Skate 4-6 primaria	6
Teatro	12
Xadrez primaria	12
Ximnasia rítmica infantil e 1 primaria	15
Ximnasia rítmica primaria	11
Ballet Primaria	13
Ballet Infantil	5
Parkour	30

Nas actividades que coordina a ANPA temos 317 nenos e nenas participando nas distintas actividades, que este curso deron comezo o primeiro día de inicio de curso.

Actividades deportivas do Concello

A Campaña de Natación Escolar, dependente do Concello de A Coruña, dou comezo o 2 de outubro de 2023.

10.3 CAMPAMENTOS

Este curso intentaremos ofertar dous campamentos: o de Nadal e o de Verán. Dende a ANPA intentaremos garantir servizos para a conciliación das familias en ambas propostas, independentemente de se a xestiona directamente a nosa asociación ou se o facemos a través de outros organismos como FEDAPAS ou ENKI, como se ven facendo anos anteriores.

Campamento de Nadal

Características principais:

- Mañanceiros de 08:30 a 10:00
- Campamento de 10:00 a 14:00
- Comedor de 14:00 a 15:30

Campamento de Verán

Características principais:

- Mañanceiros de 07:45 a 10:00
- Campamento de 10:00 a 14:00
- Comedor de 14:00 a 15:30

10.4 FESTAS

Se as circunstancias seguen sendo as actuais, tentaremos levar a cabo os seguintes eventos:

- Colaborar coa Festa do Magosto do CEIP, axudando a pagar ao castañoiro contratado.
- Participar na Mostra Fórum e na Festa das ANPAS.
- A festa de fin de curso corre tamén a cargo da ANPA.

Para as celebracións de fin de curso, a impresión das orlas tanto de 6º de EP e 6º EI e as actuacións, dende a ANPA intentarásese financiar o máximo posible dentro dos orzamentos para este curso.

10.5 BANCOS SOLIDARIOS

Dende a ANPA continuamos este ano continuamos coa labor dos bancos solidarios onde as familias poidan axudarse entre elas con materiais que xa non usan pero que poden resultar útiles para outras familias. En concreto por terceiro ano, convocamos banco de kimonos e banco de libros, pode consultarse a información en Prestacións da ANPA.

10.6 REDES SOCIAIS

Dende a ANPA seguen a manterse os perfis sociais (Instagram, Facebook e Youtube) para favorecer que a información chegue ao maior número de familias no formato que lles resulte máis cómodo. Ademáis empregamos tutoriais de axuda de uso dos nosos servizos que se colgan nestas redes.

10.7 CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á NOVA DIRECTIVA

O día 24 de abril de 2023 rematou o período de dous anos polo que foi reelixida a actual Xunta directiva, e non foi preciso convocar eleccións. O calendario do proceso electoral foi resultante cunha renovación do equipo directivo desta mesma ANPA, con cambios na secretaría e baixa de tres vogais.

11. Transporte escolar.

O alumnado transportado continúa a ser residual neste centro, xa que o número total é de 23 alumnos o que supón apenas un 3,10 %. Todos eles son transportados desde o asentamento de O Portiño. A empresa responsable é AUTOS VÁZQUEZ, S.L.

12. Convenios de colaboración.

Durante o actual curso escolar manteremos e ampliaremos a colaboración con outras institucións:

- **Clube Deportivo Los Rosales.** Ao igual que en cursos anteriores manteremos o convenio de colaboración co Clube Deportivo de Los Rosales no que respecta á organización de sesións divulgativas sobre fútbol, balonmán e baloncesto durante as sesións de Educación Física.
- **Universidade da Coruña. Facultade de Ciencias da Educación.** Practicum Educación Infantil e Educación Primaria.

13. Programa de formación permanente do profesorado.

Durante o actual curso escolar o profesorado participará nas seguintes actividades formativas:

- PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado):
 - Proxecto de Biblioteca Escolar: Vivir a biblioteca dende o audiovisual.
 - TIC's: Polos creativos.
 - Inclusión e Benestar Emocional.

14.- Participación do profesorado en proxectos.

Participación do profesorado en programas ou proxectos de innovación educativa.

- Horto Escolar.
- Proxecto Medio Ambiental "Voz Natura".
- Proxecto Libro Dixital E-DIXGAL.
- Proxecto Abalar.
- "El Jardín de Juanita", proposto dende o Movemento Filosofía Lúdica e o Proxecto Noria (curriculum de filosofía para nenos e nenas).
- Contratos programa: InclúeT, IguálaT, EmociónAT

- Plan Proxecta: Proxecto de Innovación Lingüística (Arriba o Pano!)
- Educación patrimonial Etwinning (Ondas dende o Atlántico)
- Seccións bilingües: en 4º e 6º de EP.
- PLAMBE- LÍA (clubs de lectura, biblioteca creativa, familia e lectura, biblioteca solidaria)

14.- Plan de autoprotección escolar.

* Mecanismos e medios para facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade do alumnado, profesorado, demais persoal e instalacións.

* Caixas de urxencias debidamente equipadas para atención de pequenas lesións ou feridas:

- a) Edificio de primaria. Situada na planta baixa, na sala de curas.
- b) Edificio de Infantil. Situadas en cada unha das aulas.
- c) Educación Física. Situada no almacén de material das pistas polideportivas exteriores e no polideportivo municipal de Los Rosales

*** Plan de evacuación.**

Unha copia do Plan de Autoprotección estará sempre en conserxería. Constituirase unha comisión de autoprotección que terá por obxecto a revisión, preparación e aplicación do plan de emerxencia, que comprenderá a organización dos medios humanos e materiais para a prevención do risco de incendio ou de calquera outro equivalente, así como para garantir a evacuación e intervención inmediata.

*** Control de persoas que acceden ó colexio.**

En horario lectivo non poderán acceder ás aulas os/as pais/nais nin outro persoal sen a debida autorización.

*** Protección do alumnado**

O alumnado non poderá abandonar o centro en horario escolar sen contar co permiso da dirección ou do profesor titor.

Os/As pais/nais, ou a persoa que se faga cargo do alumnado, deberá asinar no rexistro existente en conserxería.

*** Saídas de emerxencia:**

Portas e ventás da planta baixa.

*** Sistema de seguridade dos que dispón o centro:**

Extintores, portas de seguridade, reixas na zona de secretaría e biblioteca, sistema de alarma e persoal de conserxería con vivenda no colexio.

*** Simulacro de emerxencia.**

O longo do curso farase algún simulacro de emerxencia, para habituar ao alumnado ás saídas controladas en caso de evacuación urxente.

A Coruña, 6 de outubro de 2023

PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2023/2024

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN - A CORUÑA

ÍNDICE

ÍNDICE	1
1. BASEAMENTO	2
2. OBXECTIVOS	2
3. ORGANIZACIÓN	3
4. PROCEDEMENTO, TEMPORALIZACIÓN E SEGUIMIENTO	4
5. SECCIÓNS	9
6. RECURSOS	9
7. ACTIVIDADES COMUNIDADE	9
8. AVALIACIÓN	10

1. BASEAMENTO

Este documento basearase no anterior PLC (cuxa data de aprobación foi no ano 2009 e que terá que adaptarse á nova lei como Plan de Lectura) e no proxecto de biblioteca para o presente curso. A inclusión nos programas de Biblioteca creativa, de Radio na biblio, clubs de lectura e Lectura e familia incentiva a realización de actividades que poñan en valor a inversión realizada nos espazos da biblioteca.

O centro participa e está inmerso en distintos proxectos como son: EDIXGAL, Horto escolar, Teatro e PLAMBE, que tamén fomentarán a lectura e escritura desde os seus respectivos ámbitos.

O desenvolvemento, por parte do equipo de teatro, do Proxecto interaulas participa activamente na promoción da lectura entre o alumnado.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se enuncian serán os que consideramos prioritarios:

Fomentar a BE como espazo de actividades de fomento da lectura e escritura.

Utilizar as diferentes seccións da biblioteca como fonte de información e divertimento, favorecendo o traballo en equipo e a colaboración.

Mellorar as competencias lingüísticas entre o alumnado.

Estimular e desenvolver a lectura como hábito cotiá.

Dinamizar a través de actividades diversas a BE como centro de recursos para o proceso de E/A integrado no currículo e integración das distintas áreas do currículo.

Fomentar a participación nas prácticas de lectura de toda a comunidade educativa.

Obter a colaboración das familias no desenvolvemento dos hábitos de lectura.

Adquirir por parte do alumnado unha actitude positiva cara os hábitos de lectura e escritura.

Procurar que o hábito de lectura sexa un recurso útil e pracenteiro.

Fomentar o análise crítico da información.

Achegar ao alumnado novas linguaxes e a utilización das TIC como ferramenta nos traballos de investigación.

3. ORGANIZACIÓN

O centro está integrado no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) desde o curso 2018/2019, o que supuxo un impulso ao desenvolvemento de diferentes actividades promovidas desde a biblioteca escolar.

Destacar que todas as aulas dispoñen dunha biblioteca de aula, que combina libros de ficción e non ficción, ademais dun panel interactivo e /ou ordenador de docente conectado a un EDI que pode utilizarse para procurar información e acceder a todo tipo de lecturas. Nos cursos de 5º e 6º de EP dispoñen dun ordenador portátil por alumno/a con acceso a internet e a distintas plataformas educativas, dentro do proxecto EDIXGAL.

Concibimos a biblioteca escolar como unha biblioteca expandida na que a través dos espazos tratamos de promover, desenvolver e consolidar o hábito lector desde distintas perspectivas. Na planta baixa está a sección de literatura, adicada á lectura dos fondos de ficción e ao desenvolvemento de actividades de fomento da lectura. A colección está organizada por seccións de prelectores, primeiros lectores, lectores autónomos, lectores expertos, adultos, libros en inglés, libros de lectura fácil e revistas, ademais de zona de consulta en ordenador, fondos audiovisuais e zona de xogos de mesa. No segundo andar atópase a sección de libros de non ficción, fomento da lectura na procura de información, linguaxe de programación e robótica, zona artístico-creativa, zona de investigación e zona de desenvolvemento de proxectos audiovisuais, incluíndo o estudio de radio, equipado cos recursos necesarios para gravar, reproducir e emitir as producións do alumnado.

Os espazos da biblioteca están abertos durante toda a xornada escolar para a utilización por parte da comunidade educativa. Todas as tardes, agás os luns, a biblioteca abrirá para que a comunidade educativa utilice, en horario de 16 - 18h., os recursos da biblioteca, podendo utilizar o carné da biblioteca para levar libros emprestados dos diferentes espazos. Tamén se realizarán actividades programadas polo equipo de biblioteca. Cada espazo ten un horario de uso que será acordado co profesorado para facilitar a coordinación das distintas zonas.

Nos recreos a utilización será libre por parte do alumnado ata acadar o aforo máximo en cada un dos espazos. O alumnado voluntario de 5º e 6ºEP axudará en distintos labores de formación, xestión de fondos, dinamización da lectura e dos espazos. Están acompañados por mestres/as do equipo de biblioteca.

No tempo de Lectura Silenciosa Sostida (Hora de ler) nalgunha das seccións da biblioteca poderán organizarse actividades que fomenten a lectura e escritura.

Nas aulas cada nivel reservara tempo, ademais da Hora de ler, para o fomento da lectura e a escritura.

4. PROCEDEMENTO, TEMPORALIZACIÓN E SEGUIMIENTO

Toda a comunidade deberá contribuír no desenvolvemento do Plan Anual de Lectura (PAL), aínda que en especial o claustro deberá asegurar o seu cumprimento, quedando no equipo de biblioteca a responsabilidade de facer un seguimento e avaliación durante o curso.

4.1. ITINERARIOS DE LECTURA

Algúns dos itinerarios lectores aínda non están concretados no momento de elaborar este documento.

EI

Algúns dos libros que se lerán serán:

Gracia Iglesias. A extraña sorpresa. Bululú

Antonio Rubio. Animales. Kalandraka

Jean Leroy. Los besos del lobo feroz. Edelvives

Claudia Bielisky. La mar de diferentes. Edelvives

Gracia Iglesias. Ñam, ñam Marcelina. Jaguar

Ingela P. Arhenius. ¿Dónde está Papá Noel? Pেকেleke

Edouard Manceau. Monstruosa sorpresa. Bruño

Victoria Facchini. Cinco cerezas. Dr. Buk

Laura Vila. Macaco se hace caca. Lata de sal

David Pintor. Teño impo. La Guarida

Mar Benegas. ¡Tengo un hambre de dragón! Combel

Fernando Pérez Hernando. Chuvisca. Kalandraka

Jordi Gastó. Se che pica un mosquito. Kalandraka

José Carlos Andrés. Adoptar un dinosaurio. Nubeocho

Leo Lioni. Unha cor propia. Kalandraka

Lilith Moscon ¡Vuelve a casa huevo! Combel

Meritzel Martí. Minino y la luna. Combel

Lilith Moscon. Lola busca su cola. Combel

Emile Jadoul ¡Qué llega el lobo! Edelvives

1º - 2º EP

Sen determinar no momento de elaboración deste documento.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024

3º - 4º EP

Érika Esmorís. Patio de luces. Xerais. (3ºEP)

Violeta Monreal. Pamela Panama y la bruja descalza. Anaya (3ºEP)

Esopo. Fábulas de Esopo. Vicens Vives. (3º e 4ºEP)

Elvira Menéndez. Ese no es mi zoo. Bruño (4ºEP)

Dan Gutman. A señorita Riqui é un pouco friqui. Bruño (4ºEP)

5º - 6º EP

Sen determinar no momento de elaboración deste documento.

4.2. RUTINAS DE LECTURA

Son actividades sistemáticas que se realizarán durante todo o curso.

Programa de "Lectura Silenciosa Sostida", do que o centro foi pioneiro na súa implantación e que xa é unha tradición asentada entre profesorado e alumnado. Consiste na lectura libre por parte de todos os integrantes do centro dunha lectura libre durante 20'. O horario deste momento de lectura libre para todos os membros da comunidade escolar será todos os días en horario de 12:00 - 12:20h. Esta lectura silenciosa poderase combinar coa lectura en voz alta, fragmentada, simultánea, entre outras.

Reserva como mínimo de dúas sesións nos espazos da biblioteca (unha sesión na planta baixa e outra no segundo andar) para uso por parte dos titores/as durante o curso, estas sesións serán revisadas periodicamente para que haxa un uso óptimo e seguro destes espazos.

Actividade internivel na que o alumnado de diferentes cursos e etapas compartirá lecturas, experiencias, proxectos, obras artísticas, entre outras, con nenos/as doutras idades do centro.

Obradoiros na sección STEAM para o traballo de outros tipos de lectura e escritura (audiovisual, programación...).

Mochilas viaxeiras: As familias do alumnado de 4ºEI levará un lote que estará nas casas desde o mes de outubro ao mes de maio. O alumnado de 5º de EP terá acceso a dúas mochilas viaxeiras cada grupo para que poidan gozar da lectura e poidan expresarse a través do caderno viaxeiro que acompaña cada mochila e o alumnado de 2º de EP levará unha mochila cun robot e libros relacionados coa robótica e programación.

Tédelos que coñecer! Programa que consiste na selección de fondos da biblioteca escolar e que visitarán as aulas durante un trimestre, os grupos de cada nivel terán tantos fondos como alumnos/as teñan.

Actividades en horario extraescolar, no que se desenvolverán clubs de lectura, diálogos filosóficos e outros de carácter experimental e artístico.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024

Itinerarios lectores de cada unha das aulas, desde EI ata EP e que son propostos nos diferentes ciclos que se estruturan no centro.

Vós contades! Programa de actividades de expresión oral para o alumnado (dramatizacións, exposicións, contacontos...) e tamén para que as familias participen a través de actividades relacionadas coa lectura.

Radio escolar. Introduciremos a expresión oral, a lectura, a escritura e a preparación de distintos tipos de textos a través deste proxecto.

Promoción da poesía a través da megafonía do centro durante o mes de marzo. Nas entradas soará "*Poesía para comezar o día*" e ao acabar a xornada "*Poesía para rematar o día*", no que membros de toda comunidade soarán pola megafonía recitando unha poesía da súa elección como xeito de promover este xénero literario e de fomentar o diálogo sobre as temáticas destas na clase e na casa.

Actividades sistemáticas que se realizarán nas aulas: Manipulación e manexo de contos, lectura de contos (en gran grupo), formulación de preguntas sobre o conto, invención de principios e finais diferentes para contos, creación de contos, gravación de contos en audio ou vídeo, dramatización de contos, lectura de imaxes (individual e colectiva), secuenciación e ordenación de imaxes, lectura en distintos soportes: libros, fotos, multimedia, música, entre outras, iniciación en diferentes tipos de textos: contos, poesías, receitas, actividades multimedia de animación á lectura con interaccións que faciliten o achegamento ás TIC, iniciación na procura da información, elaboración de pareados, co vocabulario dos contos, diálogos a través das lecturas, composición de textos, memorización de poesías, identificación das partes dun libro: títulos, personaxes...

4.3. PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Traballaremos a través do Proxecto Documental Integrado (PDI) que ten como temática os bosques e montes de Galicia, relacionándoos cos ODS2030, diversos puntos de vista de abordaxe da temática e relacionando as actividades co currículo. A través destas tarefas queremos ensinar os procesos de elaboración dun traballo de investigación, fomentar a lectura crítica en distintos soportes, crear novos produtos textuais, audiovisuais e artísticos. Haberá unha colaboración entre os diversos equipos do centro nas celebracións, tratando de relacionalas a través de producións escritas variadas. Fomentaremos a expresión oral na difusión das experiencias e dos traballos de investigación.

4.4. ACTIVIDADES PUNTUAIS

Realizaranse sesións de formación de usuarios para todo o alumnado e profesorado do centro, así como a elaboración de recursos que apoién estas sesións (guías, recursos dixitais...).

Celebraranse efemérides e conmemoracións, como a “Semana de...” na que se traten con diversas actividades temáticas como a ciencia, a muller, a poesía.

Elaboraranse en formato dixital unha guía de recomendación para as vacacións de inverno e outra para as de verán, podendo confeccionar algunha máis ao longo do curso. Todos os cursos asistirán a encontros con diversos escritores/as, ilustradores/as, entre outros, que apoiarán o desenvolvemento dos itinerarios de lectura e o currículo na aula.

Todos os meses a partires de novembro mostrarase unha exposición de libros de diversas temáticas nos expositores habilitados no centro.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Sesións de formación de usuario para a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familia).	Actividade do PDI para a celebración do Día da Paz.	Exposición e/ou actividades Día do Libro.
Actividades de apertura da biblioteca.	Exposición de libros para o Día de Rosalía.	Actividades e/ou exposición Día das Letras Galegas 2023.
Exposición permanente de libros relacionados co PDI	Exposición e actividades para o Día da Muller traballadora	Guía de recomendacións de verán.
Exposición temporal libros para o Samaín, ciencia, 25N e Nadal	Exposición e actividades para o Día da Poesía.	Premios “Os leóns Dourados”, lectores/as con máis préstamos do ano.
Actividades motivación PDI	Obradoiro de poesía	Exposicións orais do PDI
Encontros con autores/as.	Visitas á Biblioteca Municipal	Encontros con autores/as
Concurso de procura de información en libros e webs, relacionado co proxecto.	Actividades de creación artística relacionada coa lectura e interpretación de imaxes.	Actividades de lectura e creación de textos para a radio “Emilia na Onda”
Guía de recomendacións de inverno.	Encontros con autores/as.	
Actividades de lectura e creación de textos para a radio “Emilia na Onda”	Concurso de procura de información en libros e webs, relacionado co proxecto.	Visitas á BE IES Salvador de Madariaga
Lectura de imaxes e outros formatos audiovisuais e creación de esquemas textuais do audiovisual.	Actividades de lectura e creación de textos para a radio “Emilia na Onda”	Lectura de imaxes e outros formatos audiovisuais e creación de esquemas textuais do audiovisual.
Actividades de creación literaria.	Actividades de creación artística relacionada coa lectura e interpretación de imaxes.	Visitas á Biblioteca Municipal
Actividades de creación artística relacionada coa lectura e interpretación de imaxes.	Obradoiros de procura de información e comunicación desta.	Clubs de lectura
Clubs de lectura.	Obradoiros de introdución á linguaxe de programación.	Diálogos filosóficos
Diálogos Filosóficos.	Obradoiros de deseño de imaxes en 3D.	
Concurso de Microrrelatos	Clubs de lectura	Desenvolvemento e difusión do proxecto de teatro “A fruta máxica”.
	Diálogos filosóficos	
Desenvolvemento do proxecto de teatro “A fruta máxica”	“Poesía para comezar o día” e “Poesía para rematar o día”	
	Desenvolvemento do proxecto de teatro “A fruta máxica”	

5. SECCIÓNS

O concepto que pretendemos desenvolver na nosa biblioteca escolar é o dunha biblioteca distribuída, que desenvolva o traballo colaborativo, en rede e nutríndose de diversos ámbitos, incentive e favoreza a creatividade. Por este motivo fisicamente hai dous espazos específicos, un na planta baixa, dirixido á lectura informal e aos fondos da colección de ficción para todas as idades, e outro no segundo andar, multidisciplinar, no que se fomentará a exploración, a creatividade, o traballo en equipo, o coñecemento, no que haberá recursos de diversa índole, ademais dos fondos informativos e de referencia, estudio de radio incluído.

Por outro lado seguimos a actualizar e catalogar os fondos das seccións de aula, adaptándoos ás idades dos nenos/as e aos seus intereses, así como fondos que sexan de utilidade para os docentes no seu traballo diario na aula.

6. RECURSOS

O equipo de biblioteca encargarse de dinamizar e de apoiar as actividades de fomento da lectura e escritura que se desenvolvan no centro.

O labor na promoción da lectura tamén estará desenvolvido polo EDLG, EACE e Teatro programarán actividades nas que a lectura e escritura terán unha especial relevancia.

O Equipo de Dinamización das TIC tamén favorecerá o multialfabetismo por medio de diversas iniciativas.

Os titores/as e mestres/as especialistas desde as súas aulas promoverán e utilizarán a lectura a cotío tal e como se reflicte nas súas programacións.

O que conforma un claustro comprometido co desenvolvemento da lectura entre o seu alumnado.

7. ACTIVIDADES COMUNIDADE

Visitaranse diversas bibliotecas da contorna, como son a Municipal de “Los Rosales”, así como a do IES Salvador de Madariaga, previsión para o terceiro trimestre. Tamén se programarán actividades en colaboración coa Biblioteca Municipal e a Biblioteca escolar do Instituto. Ademais realizamos diversas actividades de colaboración co IES Salvador de Madariaga, como é o préstamo interbibliotecario, a actividade de escritura creativa “O conto que vai e vén” e unha lectura compartida entre o club de lectura Bolboretas Lectoras e un dos do IES.

Procurarase que as familias se impliquen nas actividades nas que se solicite a súa colaboración para acudir a centro a compartir momentos co alumnado polas mañás, así como para que acudan en horario extraescolar, se non puidese ser de xeito presencial faríase a través dalgunha das plataformas virtuais. Actividades como as mochilas viaxeiras, o grupo de apoio á biblioteca ou o programa “Biblioteca e familia” tratan de involucrar a toda a comunidade educativa no fomento da lectura. Seguimos a manter, con reunións periódicas anuais, a Comisión de biblioteca do Consello escolar.

8. AVALIACIÓN

Seguiranse os criterios establecidos no Proxecto de Biblioteca para o presente curso:

Indicadores de éxito:

1. Fomentar a BE como espazo de actividades de fomento da lectura e escritura.

- Desenvolvemento do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida.
- Realización de actividades, polo menos unha mensual a partires de novembro, de lectura internivel.
- Organización de polo menos unha visita por grupo de autores/s, ilustradores/as, contacontos e outros profesionais relacionados coa lectura da imaxe.
- Organización de visitas (presenciais ou virtuais) a outras bibliotecas, de xeito que todos os grupos coñezan outras bibliotecas da contorna.
- Desenvolvemento dun concurso de escritura creativa.
- Desenvolvemento de actividades para a radio.
- Elaboración dunha guía dixital para as vacacións de inverno e outra para as de verán.
- Desenvolvemento de actividades para o Día das Escritoras, Día da Biblioteca, Novembro mes da ciencia, Nadal, Día da Paz, Rosalía de Castro, Día do Libro e Letras Galegas.

2. Utilizar as diferentes seccións da biblioteca como fonte de información e divertimento, favorecendo o traballo en equipo e a colaboración.

- Elaboración do calendario de visitas e sesións permanentes nas seccións da BE.
- Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Obradoiros para o desenvolvemento do PDI.
- Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.
- Actividades para ensinar ao alumnado a realizar citas bibliográficas de xeito ético.
- Actividades para a alfabetización múltiple: lectura de imaxes, películas, hipertexto...
- Actualización dos fondos das seccións de aula.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024

3. Mellorar as competencias lingüísticas entre o alumnado.

- Desenvolvemento de actividades tanto na aula como a nivel de centro que impliquen a expresión oral.
- Desenvolvemento de actividades nas que o alumnado elabore diferentes tipos de textos.

4. Estimular e desenvolver a lectura como hábito cotiá.

- Desenvolvemento do programa de Lectura Silenciosa Sostida.
- Desenvolvemento de actividades de lecturas compartidas.
- Distribución de mochilas viaxeiras en EP.
- Desenvolvemento dos ensaios da obra “A frauta máxica”

5. Dinamizar, a través de actividades diversas, a BE como centro de recursos para o proceso de E/A integrado no currículo e integración das distintas áreas do currículo.

- Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Obradoiros para o desenvolvemento do PDI.
- Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.
- Distribución das caixas “Tédelos que coñecer!” ás aulas.

6. Fomentar a participación nas prácticas de lectura de toda a comunidade educativa.

- Organización de distintas actividades de Vós contades! dirixido ás familias.
- Intercambio de experiencias con expertos para mostrarnos as súas experiencias e coñecementos.
- Organización ao longo do curso polo menos catro actividades dirixidas ás familias dentro do programa “Biblioteca e familia”.
- Organización de actividades en colaboración con Asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.
- Elaboración dunha obra de escritura creativa internivel (Primaria e Secundaria).

7. Obter a colaboración das familias no desenvolvemento dos hábitos de lectura.

- Organización de actividades coa colaboración das familias ou dirixidas a elas.
- Posta en marcha das Mochilas viaxeiras en EP.
- Dinamización da sección e zona para nais e pais.
- Fomento da lectura en familia nos fogares a través da distribución de material específico nos cursos de 4º de EI.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024

8. Adquirir por parte do alumnado unha actitude positiva cara os hábitos de lectura e escritura.

- Organización de varias actividades de Vós contades! elaboradas polo alumnado.
- Organización e desenvolvemento de tres xornadas de lectura compartida a nivel de centro (apadriñamento lector).
- Participación de xeito activo no tempo de lectura diario.

9. Procurar que o hábito de lectura sexa un recurso útil e pracenteiro.

- Utilización da lectura na procura de información.
- Aumento dos préstamos de libros nas bibliotecas de aula e na biblioteca.
- Aumento do nivel de comprensión lectora do alumnado.

10. Fomentar o análise crítico da información.

- Lectura de distintos tipos de textos de ficción e de información na aula.
- Desenvolvemento de actividades para o ensino da procura de información en internet.
- Elaboración de traballos de investigación nas aulas.

11. Achegar ao alumnado novas linguaxes e a utilización das TIC como ferramenta nos traballos de investigación.

- Planificación de polo menos unha actividade ao longo do curso para o ensino e desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Desenvolvemento dunha actividade para o traballo do multialfabetismo.
- Desenvolvemento de actividades para o ensino da procura de información en internet.
- Desenvolvemento de actividades nas que se utilice a programación de robots ou doutros dispositivos.